



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 31 de outubro de 2025



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 31 DE OUTUBRO DE 2025.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/2025, do 3 de outubro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 29 de setembro ao 26 de outubro de 2025.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia para cofinanciar a realización do Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa 2025
4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago para cofinanciar o sostemento o Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024
5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago para cofinanciar o sostemento dos centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2024
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación de directores de escena para cofinanciar a publicación de obras do Premio de teatro Rafael Dieste en edición bilingüe galego-castelán

Comisión de Deporte

7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Escudería Siroco Narón para o cofinanciamento da realización da 37 edición do Rallye Cidade de Narón
8. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Club de Rugby Arquitectura Técnica de La Coruña para cofinanciar a organización e a participación no VIII GPS campionato de España Sevens Femenino 2025
9. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Club Maristas-La Coruña para o cofinanciamento dos gastos da liga feminina 2 no inicio da tempada 2025/26, no período comprendido entre agosto e decembro de 2025
10. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do proxecto de aplicación de medidas correctoras para o Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro segundo o Estudo integral de patoloxías (Fase III)



Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural

11. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar os "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2025" .

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

12. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello das Pontes de García Rodríguez para a cesión de terreos, construción da edificación e posta en funcionamento do servizo público "Casa de apoio a persoas maiores".

13. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito coa Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para cofinanciamento do proxecto denominado Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

14. Aprobación da modificación do prazo de vixencia do Convenio de cooperación 129/2022 de 22 de decembro subscrito entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para a execución e financiamento das obras de "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo,Fase III" e ulterior cesión das obras e da estrada DP 1901 ao Concello de Carballo, ata o 30 de xuño 2026.

15. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de proxecto de mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas, ata o 31 de outubro de 2026.

16. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das melloras da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro, ata o día 31 de outubro de 2026.

17. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Dodro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible, ata o día 31 de outubro de 2026.



18. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de Vilasantar polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de nave para destinala a servizos básicos municipais, ata o día 31 de outubro de 2026.

19. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de Val do Dubra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actuacións de mellora no entorno do CPI de Bemibre, ata o día 31 de outubro de 2026.

20. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario, ata o día 31 de outubro de 2026.

21. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do convenio suscrito co Concello de Cerceda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2026.

22. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co Concello de Boimorto polo que se instrumenta unha subvención nominativa para as obras de ampliación do centro de día e miniresidencia de Boimorto, ata o 31 de outubro de 2026.

23. Aprobación do texto da adenda ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal La Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón, para a promoción e financiación da representación do espectáculo "MANHE" de Fransy e a Orquesta de Cámara Galega, que se celebrará no Teatro Colón o día 23 de novembro de 2025.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

24. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Apertura, pavimentación e implantación de servizos en vial de Camiño Vello a Bacela" do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0386.0

25. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar de Vilanustre, en Asados", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0234.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.



26. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Dodro para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

27. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello das Pontes de García Rodríguez para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

28. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Cerceda para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

29. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Miño para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

30. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a setembro de 2025.

31. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 5/2025 de aprobación polo Pleno.

32. Dación de conta da resolución de presidencia número 46046/2025, relativa ao persoal eventual.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

33. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para cofinanciar o proxecto de "Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2025".

34. Aprobación da prórroga e modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle para financiar o proxecto "Acondicionamento da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle".

35. Aprobación da corrección de erros no Acordo Plenario de data 05/05/2025 polo que se aprobou a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, para financiar o proxecto "Fomento do emprendemento e da actividade empresarial da provincia" no marco do Plan de Emprego Local (PEL)



36. Aprobación da modificación no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 dos programas provinciais RESI-MU_Residencias Artísticas Mariñán Música e RESI-LP_Residencias Artísticas Mariñán Literatura e Pensamento por unificación e da inclusión da convocatoria do programa provincial RESI_Residencias Artísticas Mariñán.

37. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027, do programa BDEP-Non Olímpicos_Bolsas para deportistas da provincia de deportes non olímpicos.

38. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027, do Programa FO202 de subvencións ás asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña para a realización de actividades, por escisión das liñas FO203 e FO204.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

39. Aprobación técnica do proxecto Mellora da Seguridade Viaria na DP 1914 ao seu paso pola travesía de Bemibre, punto quilométrico 21+860 ao 22+190 (VAL DO DUBRA)

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓN

Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa aos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 31 de outubro de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 31 de outubro de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

A Sra. Sanjurjo Fraga, incorpórase iniciada a sesión, no punto número vinte e un.



Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos esta sesión ordinaria de Pleno co primeiro punto.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/2025, do 3 de outubro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 10/2025, do 3 de outubro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 29 de setembro ao 26 de outubro de 2025.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 29 de setembro ao 26 de outubro de 2025.

3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia para cofinanciar a realización do Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia, por importe de 10.000 €, para cofinanciar a realización do Premio



Xornalistas de Liberdade de Prensa 2025, cun orzamento subvencionado de 12.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Ca motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de outubro de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio profesional de xornalistas de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a realización do Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa 2025

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación do Colexio profesional de xornalistas de Galicia.

EXPOÑEN

1.- O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, creada pola Lei 2/1999 do Parlamento de Galicia, do 24 de febreiro.

O decreto 61/2020, do 12 de marzo, aproba os estatutos do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

O artigo 3 dos estatutos recolle entre as súas funcións: garantir a independencia e a liberdade informativa en beneficio da sociedade galega; defender, de acordo co artigo 20.1 da Constitución española, o dereito á liberdade de información e de expresión garantidas a toda a cidadanía e salvagardar a sociedade de informacións que tendan a deformar voluntariamente a realidade dos feitos.

2.- O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia convoca e organiza o Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa que recoñece o traballo dunha persoa ou organización destacada na defensa da liberdade de prensa ou cunha traxectoria profesional destacable libre e independente.



A importancia deste premio non é só porque historicamente converteuse nunha cita do xornalismo galego, se non pola importancia que ten na defensa dos dereitos á liberdade de prensa e o dereito á información da cidadanía. Estes dereitos civís, son fundamentais nunha democracia moderna, e a súa continua vulneración, fai necesaria que se visibilicen a todas aquelas persoas ou entidades que defenden estes dereitos.

3.- A Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento do Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa.

4.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Colexio profesional de xornalistas de Galicia co NIF Q1500262I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **realización do Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa 2025**.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Colexio profesional de xornalistas de Galicia

O Colexio profesional de xornalistas de Galicia desenvolverá a actividade programada consonte ao seguinte orzamento:

Soldos e salarios	3.843,98
Seguridade social	1.428,14
Soporte web	680,00
Transportes	1.000,00
Publicidade e propaganda	200,00
Compras de bens destinados á actividade	130,00
Seguros	217,88
Notaría	300,00
Presentación e organización da entrega	150,00
Catering e Actuación	1.600,00
Tradución	420,00
Premio	500,00
Soporte técnico	1.240,00
Deseño	790,00
TOTAL	12.500,00

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuír á actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega en metálico, por importe máximo de



10.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/9253/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o Colexio profesional de xornalistas de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o Colexio profesional de xornalistas de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas dentro do Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa 2025, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación



Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Colexio profesional de xornalistas de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Colexio profesional de xornalistas de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Colexio profesional de xornalistas de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

**RPT-6654235



teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Colexio profesional de xornalistas de Galicia.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Colexio profesional de xornalistas de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Colexio profesional de xornalistas de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Colexio profesional de xornalistas de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Colexio profesional de xornalistas de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de



colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Colexio profesional de xornalistas de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Colexio profesional de xornalistas de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Colexio profesional de xornalistas de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Colexio profesional de xornalistas de Galicia, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuádruplo exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.””

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago para cofinanciar o sostemento o Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **140.042,13 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 247.767,04 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de outubro de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *sostemento o do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuito de 1.268,50 m² na pranta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asamblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, de datas 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi subscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en



documento administrativo nº 64/2002.

2.- Con data 19 de abril de 2005 o Alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas neste Centro.

5.- No Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche véñense realizando, ao longo destes anos, unha ampla oferta de actividades programadas e temporalizadas en torno a animación sociocultural e o tempo de lecer, que permiten unha participación activa da cidadanía do Ensanche compostelán nas mesmas. Estas actividades están dirixidas a veciñanza tanto infantil como de adultos, con especial fincapé no público xuvenil que vive ou se relacionan no entorno mencionado

6.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do **sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024**.

O Centro presta os seguintes servizos: punto de recepción e información, aula de novas tecnoloxías, espazo de lectura e encontro, zona wifi, rexistro auxiliar, Unidade básica de Servizos Sociais, Departamento de Xuventude, Unidade Técnica da Rede de Centros Socioculturais, Biblioteca infantil e xuvenil A Fundación e zona expositiva.

No Centro desenvólvense as seguintes actividades:

1.- Actividades formativas anuais dirixidas á infancia e persoas adultas: club de lectura, club de xadrez, club de teatro, espazo lila, reforzo dixital, adultos/sénior, cursos



monográficos de informática.

2.- Actividades complementarias realizadas por asociacións.

3.- Actividades sociais: obradoiros de Nadal, de Entroido, conmemoracións e semanas temáticas.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela, á marxe das empresas concesionarias de servizos, asociación ou colectivos que desenvolven as actividades, no Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche, conta co seguinte persoal: 2 animadores/as socioculturais, 1 auxiliar administrativo e 3 uxieres, financiados parcialmente a través deste convenio, cos seguintes custos:

Soldos e salarios	188.574,28 €
Seguridade social a cargo da entidade	59.192,76 €
Total gastos	247.767,04 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.042,13 €**, o que representa unha porcentaxe do **56,52169 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 56,52169 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.



* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **28 de febreiro de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe

**RPT-6654235



constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a



identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de mayo de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de **2026**, autorice o correspondente Orzamento.

Que a ENTIDADE BENEFICIARIA e a DEPUTACIÓN teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**RPT-6654235



I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NIF P1507900G** para o financiamento do proxecto de “**aplicación de medidas correctoras para o Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro segundo o Estudo integral de patoloxías (Fase III)**”, tal como aparece definida no proxecto redactado polos arquitectos **Don Ramón Blanco Lobeto, Don Iván Gutiérrez de Terán Castañón e Don Borja Palacio Cuesta con data 25 de xuño de 2025**

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a ENTIDADE BENEFICIARIA comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material:	897.833,65€
Gastos Xerais (13,00%):	116.718,37€
Beneficio Industrial (6,00%):	53.870,02€
I.V.E.(21,00%):	224.368,63€
Presuposto de contrata:	1.292.790,67€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **850.000,00€** o que representa unha porcentaxe de **65,74924%**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da contrata, está financiada pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O

**RPT-6654235



importe da achega será o resultado de aplicación do coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis adicionais de calidade das obras. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0612/3420/76201** do orzamento provincial para o ano **2025**, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ENTIDADE BENEFICIARIA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento a este apartado.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector



público, o que deberá quedar motivado no expediente.

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente, (Cláusulas III.3 e XIV.3).

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación da implantación, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.



- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- Acta de recepción da obra. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de fotografías, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do cumprimento das obrigas de difusión previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4. Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.



5. No caso de resolución de contrato por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista. A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa, ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS, COA SEGURIDADE SOCIAL E COA DEPUTACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación.

2. A tal efecto, a ENTIDADE BENEFICIARIA presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social. Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no **prazo máximo dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación,



estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do Concello de **Santiago de Compostela**, ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.

2. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30 de outubro de 2026** o que representa un período de vixencia de _____ meses No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

3. O dito prazo será improrrogable, salvo que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.



4. A estes efectos, a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase por Resolución da Presidencia, polo prazo imprescindible para a finalización das obras.

O dito prazo será máximo e, polo tanto, non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, implicará que o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

5. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

6. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4).

7. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia



do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadírase : electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo o o Secretario xeral (ou quen legalmente lle substitúa).”

11.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar os "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval 2025" .

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar os reparos sinalados no informe da Intervención Provincial

2º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos provinciais.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas EXPONAV" con CIF G15944564 para o financiamento dos GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DA FUNDACIÓN EXPONAV E DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL no ano 2025, cunha achega provincial de 125.000,00 €, que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % con respecto a un orzamento de 156.250,00 €.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DA FUNDACIÓN E DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL NO ANO 2025.



A Coruña,

REUNIDOS

D/Dna.-----, en nome e representación da Excm. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación da "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV"

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3.- Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" consideran de gran interese para a provincia da Coruña manter o funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval co obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV", as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV", CIF G15944564 fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DA FUNDACIÓN E DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL NO ANO 2025.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



CONCEPTO	IMPORTE (IVE engadido)
Salarios (incluida SS)	112.699,08 €
Servizos externos	17.798,00 €
Mantemento	5.946,11 €
Material non inventariable	3.550,00 €
Seguros	3.880,81 €
Publicidade/publicacion	12.376,00 €
TOTAL	156.250,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 125.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/333.1/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" tramite e aprobe algunha modificación



do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV".

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada á "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV", unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV", xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións



(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-A "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención



pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.



XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2026** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2026**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV" perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas-EXPONAV", respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante da
"Fundación para el Fomento del
Conocimiento de la Construcción
Naval y de las Actividades Marítimas-
EXPONAV"



12.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello das Pontes de García Rodríguez para a cesión de terreos, construción da edificación e posta en funcionamento do servizo público "Casa de apoio a persoas maiores".

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

1º.- Aceptar a cesión da parcela sita na rúa pardo Bazán número 120, inscrita no Rexistro da Propiedade o 10 de abril de 2025 con carácter patrimonial (finca rexistral:3722. Municipio/sección: As Pontes de García Rodríguez. CRU: 15029000460241. Inscripción 11ª), quedando condicionada a aceptación a que transcorra o prazo de exposición pública do acordo do concello das Pontes do 21 de outubro de 2025 sen que se reciba alegación ningunha.

2º.- Aprobar un Convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello das Pontes de García Rodríguez para a cesión de terreos, construción da edificación e posta en funcionamento do servizo público "Casa de apoio a persoas maiores", de conformidade co texto que se achega ao expediente.

3º.- Condicionar as obrigas económicas da Deputación da Coruña previstas no convenio á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos EMC5/2025 no que se aprobe o crédito adecuado e suficiente.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA A CESIÓN DE TERREOS, CONSTRUCCIÓN DA EDIFICACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO "CASA DE APOIO A PERSOAS MAIORES"

Na Coruña a

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF....., representado polo seu Presidente, D.(ou persoa deputada na que delegue),(No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o corresponde certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario xeral, D.(ou quen legalmente o substitúa), (No caso de sinatura electrónica engadirase: quen se identifica igualmente mediante o correspondente certificado de firma electrónica), no exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico



dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, doutra parte o Concello das PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, con NIF....., representado polo seu Alcalde/ Presidente D. Valentín González Formoso, (ou persoa concelleira na que delegue) segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello.

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio, e para tal efecto

EXPOÑEN

Dándolle debida execución a un dos acordos plenarios adoptados na sesión plenaria que tivera lugar o día 28 de abril de 2023, con data do 26 de maio seguinte fora asinado un convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes que tiña como finalidade realizar os primeiros trámites para a construción e posta en funcionamento dun centro residencial de apoio a persoas maiores, logo de que a propia Deputación tivera realizado un estudo para a diagnose e plan de acción en materia de servizos sociais, téndose detectado unha eiva significativa de dotacións destinadas a persoas maiores e considerándose que As Pontes para a zona Norte, Ordes para o centro, e Rianxo para a zona Sur, poderían ser os enclaves xeográficos máis idóneos para a ubicación dos posibles centros residenciais a implantar.

En virtude daquel acordo, o Concello das Pontes quedaba obrigado a pór a disposición da Deputación unha parcela sita na rúa Pardo Bazán, nº 120, identificada polas súas referencias catastrais, para que a Deputación levase a cabo a redacción dun primeiro proxecto básico dun centro residencial para persoas maiores.

Téndose previsto que o convenio tivera a vixencia dun ano, as dificultades de xestión e administrativas que tivo o Concello das Pontes para a previa obtención dos terreos, non fixeron posible a execución dos acordos adoptados,, téndose producido a caducidade do instrumento convencional sen que se realizara actuación ningunha; mais con todo, renovadas as corporacións locais para o mandato 2023-2027, tanto no ámbito municipal coma no provincial se mantivo o compromiso político adquirido de promover e impulsar a creación de centros residenciais para poder atender no futuro inmediato esta necesidade social.

Así as cousas, logo da necesaria reflexión e estudo, dende o Goberno provincial considerouse que, tratándose de servizos de marcado carácter supramunicipal, debía ser a propia Deputación a que asumira a construción e posta en funcionamento destes novos servizos, baixo a idea dun novo modelo de centros residencias de reducida dimensión, cun número de módulos de convivencia que dean cobertura inicialmente arredor de 50-60 persoas usuarias, de xeito que estas poidan considerar este servizo coma un centro de apoio ao desenvolvemento persoal e social, mais sen perder o contacto coa súa contorna rural, caracterizado polo trato diario coa veciñanza e moi vinculado ás actividades do sector primario da economía.

Baixo esta idea nuclear, a Deputación xa ten elaborado un deseño integral dun primeiro modelo de centro, nomeado “Casa de apoio á persoas maiores”, que pretende construírse no núcleo urbano das Pontes, manténdose xa que logo esa vinculación inmediata tanto co medio rural coma coa propia veciñanza da localidade; mais, para a



súa execución e posta en funcionamento, precisa da necesaria cooperación do Concello que, seguindo como precedente o anterior convenio, deberá de comprometerse xa dun xeito definitivo a ceder unha parcela coas dotacións e cualificación urbanística axeitadas, para que sobre a mesma a Deputación leve a cabo a execución da obra e poña en funcionamento este novo servizo público.

Pois ben, en virtude do exposto, ambas as dúas partes, no exercicio da representación que ostentan,

ACORDAN:

PRIMEIRA.- OBXECTO. Construción e posta en funcionamento da Casa de Apoio a Persoas maiores (CAM).

1. O presente convenio ten por obxecto darlle plena eficacia xurídica aos compromisos que lle corresponden a cada una das partes asinantes para construír e pór en funcionamento un centro de apoio á persoas maiores, segundo o modelo que está a estudar a Deputación da Coruña nunha comisión político-técnica constituída para o efecto por acordo do Pleno da Corporación, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Texto refundido de Disposicións vixentes en materia de réxime local (Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril).
2. O servizo público a crear denominarase “Casa de Apoio á Persoas Maiores (CAM)”, que terá carácter de servizo supramunicipal, sendo titular do mesmo a Deputación Provincial da Coruña, administración que procederá a súa regulamentación.

SEGUNDA.- Obrigas do Concello das Pontes: cesión de propiedade dunha parcela apta urbanisticamente para a construción do centro.

1. Para o efecto do exacto cumprimento do obxecto referido na cláusula anterior, o Concello das Pontes asume a obriga principal de cederlle á Deputación o pleno dominio da parcela con referencias catastrais 2521049NJ9122S0001RQ e 2521049NJ9122S0002TW, sita no número 120 da rúa Pardo Bazán, segundo figura descrita no plano que se achega como anexo.

Resolución número 2328/2024 de data 12/12/2024 contrato privado de natureza patrimonial relativo ao inmovible sito na Rúa Pardo Bazán número 120 e formalizada perante o Notario das Pontes Don Santiago Botas Ramos baixo o número de protocolo 1253 o día 13/12/2024.

Rexistro da Propiedade: Finca rexistral: 3722. Municipio/sección As Pontes de García Rodríguez. CRU: 15029000460241. Inscripción 11ª).

Segundo o informe de valoración que achega o Concello, emitido polo arquitecto Don José López Rodríguez, arquitecto colexiado número 4.347 COAG en outubro de 2023, o terreo que se cederá ten unha valoración de 120.981,76 euros.

2. Con carácter previo á formalización da cesión, o Concello deberá proceder ao derrubamento da edificación existente na actualidade sobre a parcela, deixando o terreo libre de calquera residuo e expedito para que a Deputación poida iniciar a



construción da obra.

3. O Concello tramitará o expediente de cesión conforme ao previsto nos artigos 109 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais (Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño), adoptando o acordo de cesión por maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a Corporación, previa a emisión dos informes preceptivos da secretaría xeral e do órgano interventor.
4. Asemade, o Concello obrígase a urbanizar completamente as vías municipais que transcorren pola parte posterior da parcela, dotándoas con todos os servizos urbanísticos necesarios para o funcionamento do centro (pavimentación, beirarrúas, alumeadado público, subministración de auga potable, rede de sumidoiros e fibra óptica para a conexión de servizos de telecomunicación e Internet).
5. Unha vez que a Deputación dispoña dos proxectos básico e de execución da edificación, o Concello comprométese a tramitar coa maior celeridade posible a preceptiva licenza municipal de obras, así coma a licenza de actividade e, no seu caso, das autorizacións previas de carácter preceptivo, unha vez que a Deputación presente toda a documentación esixible pola lexislación urbanística e ordenanzas municipais aplicábeis. .
6. Tendo en conta a utilidade pública e interese social deste proxecto, o Concello comprométese a realizar os trámites necesarios para que á efectiva realización da construción lle resulte de plena aplicación da bonificación máxima do 95 por cento sobre a cota tributaria, segundo está prevista no artigo 103.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais para obras de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de carácter social.

TERCEIRA.- Obrigas da Deputación da Coruña.

1. Na súa condición de promotora e futura titular do servizo público, a Deputación elaborará e, logo da preceptiva supervisión técnica, aprobará o proxecto técnico necesario para a execución das obras da “Casa de Apoio a persoas Maiores (CAM)”.
2. De xeito simultáneo, logo dos traballos da Comisión político-técnica creada para este fin, elaborará e aprobará o plan de viabilidade económica deste novo servizo público.
3. Unha vez que dispoña dos proxectos técnicos básico e de execución e logo da súa aprobación polo órgano competente, solicitará as licenzas e autorizacións municipais e autonómicas necesarias para o exercicio da actividade.
4. Obtidas as licenzas e autorizacións preceptivas, a Deputación financiará e contratará as obras e equipamentos necesarios para a posta en funcionamento do servizo público “Casa de Apoio a persoas Maiores”, de acordo co proxecto técnico aprobado para tal fin.
5. Finalmente, a Deputación regulamentará e asumirá a titularidade do servizo público e levar a cabo a súa xestión por algunha das formas de xestión de servizos públicos previstas no artigo 85.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local.
6. En todo caso, o servizo deberá estar en funcionamento no prazo máximo de cinco anos dende que se formalice a acta de cesión e deberá manterse o seu destino por un período de trinta anos; noutro caso, consonte ao previsto no artigo 111 do Regulamento



de Bens das entidades locais, producirase a reversión a prol do Concello cedente, debendo asumir a Deputación a indemnización polos detrimentos experimentados no inmovible cedido.

CUARTA.- Prazos indicativos para executar as obrigas asumidas por cada unha das partes.

1.O Concello de As Pontes deberá proceder ao completo derrube da actual construción existente na parcela a ceder a Deputación, así coma a aprobación do proxecto de urbanización posterior no prazo de DEZAOITO MESES a contar dende a sinatura deste convenio.

Unha vez expedito o terreo e dotadas as rúas adxacentes con todos os servizos urbanísticos, adoptados os acordos necesarios por ambas as dúas corporacións, procederase a formalizar a acta de cesión do inmovible e, no caso de que se estimase necesario, o outorgamento de escritura pública correspondente. Para tal efecto, o Concello terá que tramitar o expediente ao abeiro do disposto.

2.Pola súa banda, durante este prazo máximo de DEZAOITO MESES, a Deputación da Coruña deberá promover a elaboración, supervisión e aprobación técnica do proxecto técnico para a construción do inmovible no que se prestará o servizo de apoio a persoas maiores.

3. Posteriormente, a Deputación procederá a presentar a solicitude de licenzas de construción e actividade perante o Concello, así como as autorizacións autonómicas preceptivas. Asemade, solicitará a bonificación no Imposto sobre Construcións, instalacións e Obras.

4.O Concello das Pontes tramitará coa maior celeridade os procedementos e ditará a resolución de concesión de licenza municipal dentro do prazo máximo establecido na normativa urbanística. Asemade, durante este prazo ditará a resolución pola que se declare a obra de especial interese público por concorrer circunstancias sociais, recoñecendo a bonificación do 95 por cento sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras a prol do obrigado tributario, que só deberá satisfacer o 5 por cento de dita cota.

5. Despois de obtidas as licenzas municipais e as autorizacións autonómicas necesarias para levar a cabo a actividade, a Deputación licitará a obra no prazo máximo de SEIS MESES e procederá a súa execución, rematando a mesma no prazo previsto no proxecto técnico correspondente. Durante o período de execución das obras, tamén deberá licitar e adquirir o mobiliario e instalacións técnicas necesarias para o funcionamento do centro.

6.Pola súa banda, o Concello das Pontes deberá ter rematado a execución completa do proxecto de urbanización antes de que remate a construción.

7. As actuacións administrativas para a xestión do servizo público serán realizadas pola Deputación durante o prazo previsto no apartado anterior para a construción da obra, de xeito que se poida iniciar a prestación do servizo unha vez que, rematadas as obras e equipado o inmovible, se obteñan as licenzas e autorizacións preceptivas.



QUINTA.- Comisión de seguimento.

1. Para a correcta aplicación deste convenio e resolución das dúbidas de carácter interpretativo, créase unha comisión de seguimento formada polas seguintes persoas:

- Por parte da Deputación, a persoa titular da Presidencia ou persoa en quen delegue, a persoa deputada que ostente a delegación en materia de servizos sociais, a persoa titular do Servizo de Acción Social, e as persoas titulares da secretaría xeral e da Intervención xeral
- Por parte do Concello, o titular da Alcaldía ou persoa concelleira en quen delegue, a persoa concelleira que ostente a delegación en materia de servizos sociais, a persoa funcionaria responsábel dos Servizos sociais municipais, e as persoas titulares da Secretaria e Intervención xerais.

2. A presidencia da comisión corresponderalle á persoa titular da Presidencia da Deputación e a secretaría será exercida pola persoa funcionaria titular do Servizo de Acción Social, Cultural e de Deportes.

SEXTA.- Modificación e causas de resolución.

1. O presente convenio poderá ser modificado por acordo de ambas as dúas partes asinantes, logo de emitido informe pola Comisión de seguimento creada na cláusula anterior.

2. Ademais do mutuo acordo, serán causas de resolución as previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións públicas.

SÉTIMA.- VIXENCIA E PRÓRROGA.

1. O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia durante o prazo máximo de CATRO ANOS previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público.

2. Antes de que remate a súa vixencia, o convenio poderá ser prorrogado anualmente por acordo expreso de ambas as dúas partes, ata o prazo máximo legal de OITO anos.

E en proba de conformidade, asinan o presente en _____ a _____, do que eu, Secretario xeral, dou fe."

13.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito coa Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegál Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para cofinanciamento do proxecto denominado Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de

**RPT-6654235



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito coa Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para cofinanciamento do proxecto denominado Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público, ata o 31 de maio de 2026 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectos da Lei de Estabilidade Orzamentaria, quedando fixada a data límite de remate da obra no 28 de febreiro de 2026 e a data límite de xustificación no 31 de marzo de 2026.”

14.- Aprobación da modificación do prazo de vixencia do Convenio de cooperación 129/2022 de 22 de decembro subscrito entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para a execución e financiamento das obras de "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo,Fase III" e ulterior cesión das obras e da estrada DP 1901 ao Concello de Carballo, ata o 30 de xuño 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1- Aprobar a ampliación do prazo de vixencia do Convenio 129/2022 de 22 de decembro subscrito co Concello de Carballo para financiar as "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo,Fase III" Pk 0+802,50 a Pk 2+670 e ulterior cesión da estrada DP 1901 ao Concello de Carballo, ata o 30 de xuño 2026, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

2- Modificar a cláusula XIII do convenio , que quedará redactada do seguinte xeito:

"XXIII.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras e a formalización da acta de entrega da obra ao Concello, e en todo caso, ata o 30 de xuño de 2026. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.””



15.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de proxecto de mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas, ata o 31 de outubro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de proxecto de mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas, ata o 31 de outubro de 2026 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.”

16.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das melloras da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro, ata o día 31 de outubro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das melloras da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:



"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2026. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

17.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Dodro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible, ata o día 31 de outubro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Dodro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2026. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.



2.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.""

18.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de Vilasantar polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de nave para destinala a servizos básicos municipais, ata o día 31 de outubro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de Vilasantar polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de construción de nave para destinala a servizos básicos municipais condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2026. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.""

19.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de Val do Dubra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actuacións de mellora no entorno do CPI de Bemibre, ata o día 31 de outubro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de Val do Dubra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actuacións de mellora no entorno do CPI de Bembibre condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2026. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.”

20.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario, ata o día 31 de outubro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:



"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2026. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

(Incorpórase á sesión a Sra. Sanjurjo Fraga)

21.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do convenio suscrito co Concello de Cerceda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do convenio suscrito co Concello de Cerceda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2026 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2026. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.



A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.”

22.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co Concello de Boimorto polo que se instrumenta unha subvención nominativa para as obras de ampliación do centro de día e miniresidencia de Boimorto, ata o 31 de outubro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co Concello de Boimorto polo que se instrumenta unha subvención nominativa para as obras de ampliación do centro de día e miniresidencia de Boimorto, ata o 31 de outubro de 2026 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.”

23.- Aprobación do texto da adenda ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal La Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón, para a promoción e financiación da representación do espectáculo "MANHE" de Fransy e a Orquesta de Cámara Galega, que se celebrará no Teatro Colón o día 23 de novembro de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o texto da adenda ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal La Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón, para a promoción e financiación da representación do espectáculo “MANHE” de Fransy e a Orquesta de Cámara Galega, que se celebrará



no Teatro Colón o día 23 de novembro de 2025.

ANEXO

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN NÚMERO 104/2021 ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN

Na Coruña, a ... de de 2025, na sede da Deputación Provincial da Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte,, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, D., con NIF, en calidade de presidenta do IMCE.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos, e na representación que ostentan, ambas as dúas partes recoñécense recíprocamente capacidade suficiente para suscribir a presente **ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN**, a cuxos efectos

ANTECEDENTES

1.- Con data 21 de decembro de 2021, o Pleno da Corporación Provincial aproba o texto e a formalización do convenio de COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN

2.- O 29 de decembro de 2021 asínase o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón. O convenio formalízase en documento administrativo número 104/2021.

3.- De conformidade coa cláusula undécima do convenio, "Duración e vixencia", por acordo plenario do 20 de decembro de 2024 apróbase a prórroga do Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2025 ata o día 31 de decembro de 2025.

4.- A Comisión de Seguemento do Teatro Colón, celebrada o 1 de setembro de 2025 acordou a promoción conxunta do espectáculo "MANHE" de Fransy e a Orquesta de Cámara Galega, un traballo no que a esencia é a raíz: as voces e pandeiretas de tantas mestras anónimas que se recoñecen nunha personalidade única e irrepetible. Fransy é unha referencia ineludible da nosa música e a súa voz e a súa pandeireta abundan. "Manhe" é a conxunción da nosa herdanza ao encontro da Orquesta de Cámara Galega. Máis de vinte músicos en escena que acompañan a Fransy e unha grande orquestra de corda que arrola as nosas músicas máis auténticas, elegancia e forza,



modernidade e tradición. Un repertorio arraxado por Pedro Lamas para esta celebración e baixo a dirección de Rogelio Groba.

5.- Por todo o exposto, ambas partes acordan asinar a seguinte addenda de acordo co seguinte clausulado,

CLAÚSULAS

1ª.- OBXECTO

A presente **ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN** ten por obxecto coordinar as actuacións para a promoción e financiación da representación do espectáculo “MANHE” de Fransy e a Orquesta de Cámara Galega, que se celebrará no Teatro Colón o día 23 de novembro de 2025.

2ª.- ORZAMENTO, FINANCIACIÓN E FORMA DE PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

1. O orzamento ascende a **31.532,60** euros que se desglosan de acordo coa seguinte táboa:

CONCEPTO	IMPORTE
Unha representación do espectáculo “MANHE” de Fransy e a Orquesta de Cámara Galega” o 23/11/25	26.060 €
IVE 21%	5.472,60 €
TOTAL	31.532,60 €

2. A Deputación financiará ata un importe máximo do 50% do orzamento, é dicir, ata un máximo de 15.766,30 euros.

O aboamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3335/22609 e empregando o nivel de vinculación xurídica.

3. A recadación que xenere o evento de billeteira neta minorará a aportación da Deputación e do IMCE en partes iguais.

4. O importe corresponde á aportación da Deputación aboarase ao IMCE, previa presentación da seguinte documentación:

- Factura da empresa organizadora.
- Certificación da recadación de taquilla.
- Breve memoria do espectáculo, indicando número de asistentes.
- Xustificación da constancia da colaboración da Deputación nos medios de comunicación, carteis e programas.

5. Corresponde ao IMCE o abono do importe do espectáculo á compañía (31.532,60 €).

O aboamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 334/227.91



3ª.- CONTRATACIÓN

O IMCE adjudicará, contratará e aboara o presente espectáculo á compañía.
Os gastos correspondentes á Asociación Xeral de Autores serán aboados polo Concello da Coruña ou pola empresa productora do evento.

4ª.- PUBLICIDADE

En todos os carteis, programas e na difusión nos medios de comunicación constará a colaboración e financiación da Deputación.

5ª.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio, a efectos de presentar a documentación xustificativa é o 30 de decembro de 2025.

6ª.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto na addenda, rexírase polo establecido no convenio.

O resto da clausulado mantense no mesmo sentido que o establecido no convenio número 104/2021 asinado o 29 de decembro de 2021.

Faise constar que a presente adenda foi aprobada por acordo plenario de data ____ de ____ de 2025.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por duplicado exemplar a presente adenda, no lugar e data sinalados ao inicio.”

24.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Apertura, pavimentación e implantación de servicios en vial de Camiño Vello a Bacela" do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0386.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Apertura, pavimentación e implantación de servicios en vial de Camiño Vello a Bacela”, do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0386.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución de Presidencia número 32169 de data 18 de agosto de 2023,

**RPT-6654235



pola que aprobou o Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023, no que se inclúe este investimento do concello de Neda.

Logo de ver que este investimento está adxudicado e totalmente pendente de certificar a súa execución.

Logo de aprobar o Concello de Neda un proxecto modificado deste investimento, cun orzamento de contrata de 79.572,53 € que, en relación co proxecto inicialmente aprobado que tiña un orzamento de 83.096,34 €, supón unha diminución de 3.523,81 €, que foi asinado dixitalmente o 27 de xuño de 2025 polo mesmo arquitecto autor do proxecto inicial, Francisco Javier Cernadas Veiga, redactado coa finalidade de corrixir erros na planimetría das normas subsidiarias nas cales figura acoutado o viario cun ancho que graficamente é considerablemente menor.

Tendo en conta que este proxecto modificado aprobado polo concello de Neda conta cos informes técnicos necesarios e coa conformidade do contratista adxudicatario e que foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica desa deputación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2023 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Apertura, pavimentación e implantación de servizos en vial de Camiño Vello a Bacela”, do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0386.0, que está adxudicado e pendente de certificar a súa execución, que foi asinado dixitalmente o 27 de xuño de 2025 polo mesmo arquitecto autor do proxecto inicial, Francisco Javier Cernadas Veiga, cunha diminución do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicialmente aprobado tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto Modificado “Apertura, pavimentación e implantación de servizos en vial de Camiño Vello a Bacela” Concello de Neda POS 2023 (2023.2102.0386.0)				
		Contrata	Adxudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	82.284,15	78.573,05	3.711,10
	Concello	812,19	775,56	36,63
	Total	83.096,34	79.348,61	3.747,73
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	79.048,52	75.483,35	3.565,17
	Concello	524,01	500,38	23,63
	Total	79.572,53	75.983,73	3.588,80



DIMINUCIÓN	Deputación	3.235,63 €	3.089,70 €	145,93 €
	Concello	288,18 €	275,18 €	13,00 €
	Total	3.523,81 €	3.364,88 €	158,93 €

2.- Realizar a minoración da achega provincial a esta obra, segundo figura na táboa do apartado anterior, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Neda para os efectos oportunos.”

25.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar de Vilanustre, en Asados", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0234.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Ampliación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar de Vilanustre, en Asados”, do concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0234.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, este investimento do concello de Rianxo cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDINGES
Rianxo	2024.2000.0234.0	Ampliación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar	197.582,00	0,00	197.582,00	- Supervisión favorable do proxecto e aprobación polo concello



		de Vilanustre, en Asados				- Autorización Augas de Galicia (Vertidos) - Acreditación da dispoñibilidade dos terreos
--	--	--------------------------	--	--	--	---

Logo de presentar o Concello de Rianxo un proxecto técnico modificado asinado dixitalmente o 20 de maio de 2025, polo arquitecto Juan Carlos Bastos González, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 197.582,00 €, idéntico ao do primeiro proxecto e que corrixe os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 14 de abril de 2025 e supón ademais un cambio do emprazamento da estación de bombeo respecto ao proxecto inicialmente aprobado, ao ser desaconsellada polos servizos técnicos desta deputación a súa localización na zona de dominio público de estradas.

Logo de ver o informe da arquitecta municipal, asinado dixitalmente o 6 de outubro de 2025, no que indica que para a execución das obras contidas neste proxecto modificado é necesaria a autorización da Deputación da Coruña como titular da estrada DP7202, e que consta a Resolución da Deputación de 2 de abril de 2025 autorizando a execución da obra, cumprindo este proxecto modificado coas condicións particulares contidas na mesma; e que ao modificarse o proxecto e substituír o sistema de depuración polo sistema de bombeo non é necesaria a autorización de vertidos de Augas de Galicia.

Logo de ver o informe xurídico, asinado dixitalmente o 3 de outubro de 2025 pola secretaria do concello, no que conclúe que, en base ao exposto no informe técnico e ao contido do proxecto, parece deducirse a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 29 de xullo de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Ampliación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar de Vilanustre, en Asados”, do



Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0234.0, que está sen adxudicar ao estar condicionado ao cumprimento das condicións suspensivas, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que non supón unha variación do seu orzamento, nin do seu obxecto, nin da súa finalidade, pero que implica unha serie de correccións en cuestións técnicas e unha alteración do emprazamento da estación de bombeo respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Rianxo	2024.2000.0234.0	Ampliación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar de Vilanustre, en Asados	197.582,00	0,00	197.582,00	- Supervisión favorable do proxecto e aprobación polo concello - Autorización Augas de Galicia (vertidos) - Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado por parte do concello, a supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, a acreditación da dispoñibilidade de terreos e a xustificación de non requirirse a autorización de Augas de Galicia (vertidos) ao substituír o sistema de depuración polo sistema de bombeo, considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Rianxo para os efectos oportunos.”

26.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Dodro para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Dodro para



a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.
2. O Pleno do Concello de Dodro, en sesión extraordinaria de data 15 de outubro de 2025 acadou o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.
3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".
4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.
5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.
6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

- 1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Dodro mediante acordo plenario de data 15 de outubro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación
- 2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.
- 3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña."

27.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello das Pontes de García Rodríguez para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello das Pontes de García Rodríguez para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.
2. O Pleno do Concello das Pontes de García Rodríguez, en sesión extraordinaria de data 7 de outubro de 2025 acadou o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.
3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".
4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.
5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levarase a cabo nos termos deste.
6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

- 1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello das Pontes de García Rodríguez mediante acordo plenario de data 7 de outubro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación



2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.”

28.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Cerceda para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Cerceda para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

2. O Pleno do Concello de Cerceda, en sesión de data 15 de outubro de 2025 acadou o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.

3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".

4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.

5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.



6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Cerceda mediante acordo plenario de data 15 de outubro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación

2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.”

29.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Miño para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Miño para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

2. O Pleno do Concello de Miño, en sesión ordinaria de data 16 de outubro de 2025 acadou o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.

3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría



absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".

4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.

5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.

6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Miño mediante acordo plenario de data 16 de outubro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación

2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña."

30.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a setembro de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se



modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de setembro de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de setembro de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

31.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 5/2025 de aprobación polo Pleno.

INTERVENCIONS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Buenos días a todas y a todos. Bueno, nosotros ya anticipo que vamos a votar a favor del modificado de créditos, pero sí queremos hacer alguna reflexión al respecto a este punto y a lo que se recogía en el punto número 12, que es el convenio de la cesión de los terrenos y la aportación que se recoge en el MC para la residencia de As Pontes. No se entiende la precipitación en este asunto, no se entiende bien semejante dotación presupuestaria en este momento, cuando ni siquiera se ha determinado si será viable el proyecto de ese centro de mayores ni si cuenta todavía con el informe favorable de la Xunta de Galicia. Ni siquiera han iniciado los trabajos la comisión político-técnica que hemos aprobado aquí, en esta casa. Y, a este respecto, lamento que desprecien ustedes el juicio, todavía no expresado, de los funcionarios que participarán en esta comisión en orden a acreditar la viabilidad de la iniciativa y en orden a determinar el mejor modo de gestión de la misma. Y digo esto porque, en la propuesta de aceptación de la cesión del terreno, ya la diputada de Política Social, doña Mar García Vidal, indica que el centro responderá a una gestión indirecta. Aquí está, Ya indica que la gestión va a ser indirecta.

Entonces, la pregunta que nos hacemos es si la comisión político-técnica es una coartada, si es una excusa o si es una forma de enredar y perder el tiempo. Entendemos que esa era una posibilidad que tendría que estudiar la comisión, pero ya vemos que ustedes en el Gobierno, o en una parte del Gobierno, lo tienen claro. Espero que anunciar la forma de gestión antes de que la comisión de estudio haya iniciado sus trabajos no sea visto por nadie como un desaire o un cuestionar la independencia y objetividad de nuestros funcionarios, que son los que formarán parte de esta comisión también. En todo caso, para la próxima ocasión, a ver si pueden ustedes, los miembros del Gobierno, guardar las formas o, por lo menos, guardar las apariencias, que últimamente les fallan un poquito.

Nada más y muchas gracias.



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2025 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 26.413.103,75 € que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Créditos extraordinarios (CE):	6.136.720,36	Baixas por anulación (BA):	15.507.713,06
Suplementos de crédito (SC):	20.276.383,39	Maiores ingresos:	10.905.390,69
Total aumentos:	26.413.103,75	Total financiamento:	26.413.103,75

B) RESUMO POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1. Gastos de persoal	2.225.000,00	0,00	1. Impostos directos	0,00
2. Gastos correntes	703.350,00	61.500,00	2. Impostos indirectos	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00	3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Trans. Correntes	514.212,13	481.600,00	4. Transferencias correntes	10.905.390,69
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Investimentos reais	7.005.000,00	0,00	6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Trans. de capital	15.965.541,62	14.964.613,06	7. Transferencias de capital	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00	8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	26.413.103,75	15.507.713,06	TOTAL:	10.905.390,69

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a

**RPT-6654235



publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2025 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará trámite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre *"Cuestións relativas ó procedemento de concesión de*



subvencións nominativas", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

32.- Dación de conta da resolución de presidencia número 46046/2025, relativa ao persoal eventual.

Dase conta da resolución de presidencia número 46046/2025, de 3 de outubro de 2025, pola que se nomea persoal eventual.

33.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para cofinanciar o proxecto de "Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2025".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para regular a achega de 100.000,00 € para cofinanciar o proxecto de "Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2025", cun orzamento subvencionado de 468.768,28 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 21,332501 % extendendo a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2026 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 1 de xaneiro do 2025 e o 31 de decembro de 2025.



3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220250051330, da aplicación orzamentaria 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA FINANCIAR O PROXECTO “SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE PROVINCIA DA CORUÑA 2025”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que as persoas con discapacidade, especialmente as que presentan un grado severo, padecen altos niveis de desemprego.

Que o emprego é un elemento esencial para garantir a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento persoal e a participación plena na vida económica, cultural e social.

Que o impulso de medidas que promovan a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade concierne a todos os cidadáns, organizacións e entidades.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante, COGAMI) consideran de gran interese para a provincia promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado de traballo das persoas con discapacidade a través do desenvolvemento dunha serie de accións encamiñadas cara a inserción social e laboral.

Que o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e igualdade dos individuos e os grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.



Que o R.D. Lexislativo 1/2013 , de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral sobre dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, no seu artigo 39 dispón que se fomentará o emprego das persoas con discapacidade mediante o establecemento de axudas que faciliten a súa inclusión laboral, podendo consistir as ditas axudas en subvencións e cantas outras que se consideren adecuadas para promover a colocación das persoas con discapacidade.

Que COGAMI é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social, reconece a importancia do labor que COGAMI desenvolve, sobre todo no que se refire ao fomento do emprego das persoas con discapacidade.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2025” permite contribuír á integración socio-laboral das persoas con discapacidade, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e COGAMI acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e COGAMI (NIF: G32115941) para financiar o proxecto “Servizo de intermediación laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2025”, no que se integran as seguintes actividades:

- Entrevista ocupacional
- Información, orientación e asesoramento laboral.
- Intermediación laboral
- Xestión de ofertas de emprego
- Accións de mellora da empregabilidade
- Seguemento das persoas usuarias inseridas laboralmente

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

COGAMI desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Gastos de persoal (Salarios e Seguridade Social)	468.168,18 €
Persoal de orientación	421.080,99 €
Persoal complementario (traballador/as sociais, técnico/a xurídico, proxectos)	30.850,31 €
Persoal de coordinación	4.734,19 €
Persoal de xestión económica	11.502,69 €
Gastos xerais	600,10 €

**RPT-6654235



Desprazamentos	600,10 €
Total	468.768,28 €

*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 21,332501%. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 21,332501% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que COGAMI obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.



V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

- c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.
- d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.
- e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.
- h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.



VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, COGAMI deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á COGAMI para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á COGAMI da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por COGAMI na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. COGAMI deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. COGAMI destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, COGAMI deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos



ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, COGAMI poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, COGAMI queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de

**RPT-6654235



subvencións de Galicia, a Deputación remítiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de setembro de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2025.

2. Para o caso de que COGAMI non poida executar as actividades e/ou presentar a xustificación antes do 30 de setembro de 2026, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2026. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____



E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña
Discapacidade

Pola Confederación Galega de Persoas con

(COGAMI)

Asdo:

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.

”

34.- Aprobación da prórroga e modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle para financiar o proxecto "Acondicionamento da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.º APROBAR a prórroga do convenio 9/2025, subscrito coa Asociación de Concellos da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle para financiar o proxecto “Acondicionamento da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”, ata os seguintes prazos:

- Prazo de execución das actividades do convenio ata o 31 de maio de 2026

- Prazo de xustificación documental ata o 30 de setembro de 2026

- Prazo de vixencia do mesmo ata o 30 de setembro de 2026, sen que a aprobación desta prórroga supoña ningunha modificación nin das contías nin dos conceptos aprobados.

2.º MODIFICAR a cláusula sétima e decimoterceira, cuxa redacción literal quedaría establecida nos seguintes termos:

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA OBRA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas e/ou realizadas entre o 01 de outubro de 2024 e o 31 de maio de 2026.



2. Unha vez rematadas as obras a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de setembro de 2026 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de outubro de 2024. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade non poda presentar a xustificación antes do 30 de setembro de 2026, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2026. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

35.- Aprobación da corrección de erros no Acordo Plenario de data 05/05/2025 polo que se aprobou a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, para financiar o proxecto "Fomento do emprendemento e da actividade empresarial da provincia" no marco do Plan de Emprego Local (PEL)



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Emendar o erro material no Acordo Plenario número 30 de data 05/05/2025 polo que se aprobou a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, para financiar o proxecto "Fomento do emprendemento e da actividade empresarial da provincia" no marco do Plan de Emprego Local (PEL).

2º.- Modificar o apartado 3 do acordo, do seguinte xeito:

- Onde dí:

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, Q1573004G, para regular a achega de **55.000,00 €** para cofinanciar o proxecto “Fomento do emprendemento e a actividade empresarial da provincia” no marco do Plan de Emprego Local (PEL), cun orzamento subvencionado de 69.375,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

- Debe dicir:

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, Q1573004G, para regular a achega de **55.500,00 €** para cofinanciar o proxecto “Fomento do emprendemento e a actividade empresarial da provincia” no marco do Plan de Emprego Local (PEL), cun orzamento subvencionado de 69.375,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

Desta forma, o texto do acordo plenario quedaría así:

Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela para o financiamento do proxecto “Fomento do emprendemento e a actividade empresarial da provincia”, no marco do Plan de Emprego Local (PEL), propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.



2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, Q1573004G, para regular a achega de 55.500,00 € para cofinanciar o proxecto “Fomento do emprendemento e a actividade empresarial da provincia” no marco do Plan de Emprego Local (PEL), cun orzamento subvencionado de 69.375,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220250013524, da aplicación orzamentaria 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese a 31 de decembro de 2026.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.”

36.- Aprobación da modificación no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 dos programas provinciais RESI-MU_Residencias Artísticas Mariñán Música e RESI-LP_Residencias Artísticas Mariñán Literatura e Pensamento por unificación e da inclusión da convocatoria do programa provincial RESI_Residencias Artísticas Mariñán.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados/as (1 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor dun deputado do PP e dos/as deputados/as do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de 13 deputados/as do PP, acorda:

“1º.- Aprobar a inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do programa provincial RESI_Residencias Artísticas Mariñán, proposta polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

2º.- Suprimir os programas provinciais RESI-MU_Residencias Artísticas Mariñán Música dirixido a bandas ou artistas solistas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e RESI-LP_Residencias Mariñán Literatura e Pensamento dirixido a persoas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolvan o seu proxecto literario en lingua galega, en calquera das súas expresións ou que investiguen calquera ámbito de



coñecemento.

3º.- Incluir no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a nova ficha individualizada do programa provincial RESI con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que se transcriben a continuación:

FICHA DE SUBVENCIÓN / ACHEGA

Liña de subvención	Residencias Artísticas Mariñán
Código identificativo	RESI
Área	Cultura
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Educación e Cultura
Competencia desenvolvida	Cultura
Custe previsible	58.615,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e defensa da cultura
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da convocatoria
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Cultura
Obxectivo xeral	Promoción da cultura
Obxectivo específico	Reforzar o apoio ás creadoras e creadores a través dun programa de residencias no Pazo de Mariñán centrado non nos resultados finais, senón no acompañamento e impulso dos procesos creativos.
Beneficiarios	Persoas físicas
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas recibidas

OBXECTIVOS ESTRATÉXICO E OPERATIVOS

Obxectivo Estratéxico 07 Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial						
OBXECTIVO OPERATIVO	LIÑAS DE SUBVENCIÓN					
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTO	ÁREA DE COMPETENCIA
O.36 O.38	RESI	Residencias Artísticas Mariñán	Convocatoria pública	Persoas físicas	58.615,00€	Servizo de Acción Social, Cultural e

**RPT-6654235



						Deportes Sección de Educación e Cultura
OBXECTIVO OPERATIVO	CONCEPTO					
36	Ampliar a oferta cultural provincial e garantir o acceso á cultura a toda a poboación					
38	Promover a actividade cultural en todas as súas manifestacións					

37.- Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027, do programa BDEP-Non Olímpicos_Bolsas para deportistas da provincia de deportes non olímpicos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar a inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa BDEP-Non Olímpicos_Bolsas para deportistas da provincia de deportes non olímpicos, proposta polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Deportes

2º.- Incluír no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a ficha individualizada do programa de subvencións indicada no apartado 1º, con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que quedaría como se transcribe a continuación:

FICHA DE SUBVENCIÓN / ACHEGA

Liña de subvención	Bolsas para deportistas da provincia de deportes non olímpicos
Código identificativo	BDEP-Non olímpicos
Área	Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
Competencia desenvolvida	Deportes
Custe previsible	14.000,00 € (4 bolsas de 3.500,00 € cada unha)
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e fomento do deporte



Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da convocatoria
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Práctica deportiva
Obxectivo xeral	Promoción e difusión do deporte
Obxectivo específico	Conceder 4 bolsas para apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como posibilitar a súa participación en eventos deportivos, facilitándolles aos deportistas da provincia o acceso a unha preparación integral axeitada
Beneficiarios	Poderán participar nestas bolsas todas aquelas persoas deportistas de deportes non olímpicos maiores de 12 anos, residentes na provincia da Coruña, que practiquen un deporte de carácter individual que non pertenza a un dos deportes, en calquera das súas modalidades, incluídos no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos.
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas presentadas

OBXECTIVOS ESTRATÉXICO E OPERATIVOS

Obxectivo Estratéxico 08 Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde						
OBXECTIVO OPERATIVO	LIÑAS DE SUBVENCIÓN					
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTO	ÁREA DE COMPETENCIA
O.40	BDEP-Non olímpicos	Bolsas para deportistas da provincia de deportes non olímpicos	Convocatoria pública	Persoas deportistas de deportes non olímpicos maiores de 12 anos, residentes na provincia da Coruña, que practiquen un deporte de carácter individual que non pertenza a un dos deportes, en calquera das súas modalidades, incluídos no programa oficial dos Xogos Olímpicos/	14.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Deportes



				Paralímpicos		
OBXECTIVO OPERATIVO	CONCEPTO					
40	Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social					

”

38.- Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027, do Programa FO202 de subvencións ás asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña para a realización de actividades, por escisión das liñas FO203 e FO204.

INTERVENCIÓNS

S. Ben Otero

Nosotros sugeriríamos que reflexionen respecto a este punto y valorar la posibilidad de retirarlo e incluír tamén las AMPA de los colegios concertados. Al fin y al cabo un colegio concertado, yo entiendo que no se incluyan aquí los colegios privados, es una decisión de cada uno, pero entiendo que los colegios concertados no dejan de ser colegios para gente completamente normal y con recursos medios, y no veo por qué excluir a los colegios concertados de este programa. En consecuencia, si se retirara y se incluyera a las AMPA de los colegios concertados, nosotros queríamos apoyar esta iniciativa y, si no, nos vamos a abstener por considerarla, en parte, injusta y excluyente. Gracias.

Sr. Presidente

Agora para evitar prexuízos ás AMPA, que xa contan coa aprobación desta liña, imos aprobala, continuar coa tramitación e terémolo en conta para a próxima convocatoria. Procedemos a votar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“1º.- Aprobación da inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa FO202 de subvencións ás asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña para a realización de actividades, proposta polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura, dado que esta nova liña é unha escisión das liñas FO203 e FO204.



2º.- Incluir no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a ficha individualizada do programa de subvencións indicada no apartado 1º, con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que quedaría como se transcribe a continuación:

FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA

Liña de fomento provincial	Convocatoria do programa de subvencións ás asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña para a realización de actividades
Código identificativo	FO202
Área	Educación
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Educación e Cultura
Competencia desenvolvida	Educación
Custo previsible	250.000,00 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Educación
Fontes de financiamento	Propia
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións, Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Educación
Obxectivo xeral	Promoción educativa
Obxectivo específico	Apoio ao desenvolvemento de actividades polas asociacións de nais e pais de alumnado dos centros de educación primaria e institutos de educación secundaria de titularidade pública existentes na provincia da Coruña.
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de actividades realizadas Nº de persoas participantes



OBXECTIVO ESTRATÉGICO E OPERATIVO:

Obxectivo estratéxico 07 Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial						
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO					
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.36 O.38	FO202	Programa de subvencións ás asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña para a realización de actividades	Convocatoria pública/Concurrencia	Entidades sen ánimo de lucro	250.000,00 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura
OBXECTIVO OPERATIVO	CONCEPTO					
36	Ampliar a oferta cultural provincial e garantir o acceso á cultura a toda a poboación					
38	Promover a actividade cultural en todas as súas manifestacións					

”

39.- Aprobación técnica do proxecto Mellora da Seguridade Viaria na DP 1914 ao seu paso pola travesía de Bembibre, punto quilométrico 21+860 ao 22+190 (VAL DO DUBRA)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar tecnicamente o proxecto mellora da seguridade viaria na DP 1914 ó seu paso pola travesía de Bembibre, punto quilométrico 21+860 ao 22+190 (Val do Dubra). Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2025 cun orzamento total de 1.104.878,36 euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	EXPROPIACIÓN
2025.1110.0011.0	Mellora da seguridade viaria na DP 1914 ó seu paso pola travesía de Bembibre, punto quilométrico 21+860 ao	Val do Dubra	1.104.878,36 €	4.958,60 €

**RPT-6654235



	22+190			
--	--------	--	--	--

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra anteriormente referenciada, ascendendo o orzamento da expropiación e bens afectados á cantidade de 4.958,60 €.

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de DEZ DÍAS a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado. “

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai unha do Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia relativa aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026.

Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa aos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026

O sistema de financiamento local constitúe unha vella demanda dos concellos da nosa provincia, que veñen reclamando historicamente un modelo máis xusto, transparente e suficiente para garantir a autonomía e a capacidade de prestación de servizos das entidades locais.

Lonxe de avanzar nesa dirección, os concellos están a asumir cada vez máis competencias impropias sen recibir os recursos necesarios para a súa implantación, o que compromete gravemente a súa sustentabilidade financeira. Ademais, os fondos que perciben da administración autonómica non se reparten segundo criterios obxectivos e transparentes, o que dificulta a planificación e a equidade territorial, e perpetúa dinámicas de discriminación institucional que deben ser corrixidas.

Un ano máis, ao chegaren estas datas, a Xunta de Galicia pon en marcha a súa maquinaria propagandística para xerar o clima de que prepara uns novos orzamentos de récord. Cada ano, a Xunta dispón de máis cartos, como se iso lle servise de escusa para disimular a baixa calidade dos servizos que reciben os galegos e as galegas, a súa falta de política industrial ou a incapacidade para desenvolver, con sucesivos orzamentos récord, a rede de transportes intracomunitaria que é da súa competencia.

O pasado día 14, nunha desas notas propagandísticas, a Xunta gabábase de incrementar ata 187M€ o Fondo de Cooperación Local, ese Fondo que ten conxelado dende o ano 2010 e que reparte con criterios partidistas. Destes 187 millóns, 71 millóns (o que representa o 40%) son repartidos de forma finalista, destinando so 116 para as necesidades que estimen os propios concellos. A escaseza deste incremento queda de manifesto ca sinxela operación matemática de dividir os fondos entre os 313 concellos galegos. O resultado é de menos de 600.000 euros por concello. Dito doutro xeito, a



Xunta, cun orzamento sesenta veces maior que esta deputación, lle vai dar aos concellos de Galicia menos fondos dos que a Deputación reparte de xeito obxectivo entre os 93 Concellos da Provincia.

A débeda da Xunta cos concellos foi cifrada pola FEGAMP en arredor duns 600M€, que é o que lle custa ós concellos galegos levar adiante as competencias impropias que a Xunta fai recaer nos concellos. Unha práctica que non parou nin durante a pandemia, cando o goberno autonómico lle encargou aos concellos non só a limpeza, senón a desinfección dos centros educativos. Por esta asunción de competencias impropias, a propia FEGAMP está a reclamar que a Xunta asuma a totalidade do custo do Servizo de Axuda no Fogar, incrementado ano a ano polo envellecemento da poboación e a falla de residencias públicas. Ou os gastos derivados da decisión da Xunta de facer de balde as escolas infantís municipais, ca súa peculiar política de invitar a costa do peto dos Concellos.

En xullo do ano 2024, o presidente Rueda aseguraba que a prestación dos servizos públicos no rural galego implicaba para a Xunta un sobrecusto de 500M€, e reclamáballe ao Estado unha reforma do sistema de financiamento autonómico que tivese en conta esa situación e garantise eses fondos. Tendo en conta que na actualidade, a prestación dos servizos públicos no rural galego -educación, sanidade e servizos sociais- é absolutamente deficiente, a demanda do presidente Rueda parece inxustificada. Por iso lle propoñemos que a Xunta incremente neses 500M€ os investimentos nos concellos. Para garantir a prestación en condicións de igualdade e facer ben as contas antes de reclamar a terceiros.

A Deputación da Coruña mantén o seu compromiso de servizo aos concellos e defensa do municipalismo. A autonomía e a suficiencia financeira dos concellos é imprescindible para garantir a prestación de servizos aos veciños e veciñas, para garantir o equilibrio territorial e para loitar con eficacia contra as ameazas do reto demográfico. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta para que a Deputación Provincial dea Coruña reclame á Xunta de Galicia:

1. Que os orzamentos de 2026 incrementen o Fondo de Cooperación Local para saldar a débeda de 600 millóns de euros que a Xunta mantén cos concellos pola prestación de competencias impropias.
2. Que os orzamentos de 2026 incorporen partidas destinadas a garantir a prestación de servizos públicos no rural en plena igualdade co entorno urbano, rematando ca política de recortes levada a cabo polos sucesivos gobernos do PP.
3. Que de acordo coas estimacións do propio presidente Rueda, as partidas reclamadas no punto anterior se sitúen arredor dos 500 millóns de euros, que o presidente calcula como necesarios para a prestación duns servizos públicos plenos e iguais no rural, circunstancia que a día de hoxe non se cumpre.
4. Que se recoñezan as Deputacións Provinciais como Entidades Locais para o seu financiamento nos termos previstos na Constitución Española.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Vou dar lectura da moción presentada polo noso grupo.

**RPT-6654235



O sistema de financiamento local constitúe unha vella demanda dos concellos da nosa provincia que veñen reclamando historicamente un modelo máis xusto, transparente e suficiente para garantir a autonomía e a capacidade de prestación de servizos das entidades locais.

Lonxe de avanzar nesa dirección, os concellos están a asumir cada vez máis competencias impropias, sen recibir os recursos necesarios para a súa implantación, o que compromete gravemente a súa sustentabilidade financeira. Ademais, os fondos que perciben da Administración autonómica non se reparten segundo criterios obxectivos e transparentes, o que dificulta a planificación e a equidade territorial e perpetúa dinámicas de discriminación institucional que deben ser corrixidas. Un ano máis, ao chegaren estas datas, a Xunta de Galicia pon en marcha a súa maquinaria propagandística para xerar o clima de que prepara uns novos orzamentos de récord. Cada ano a Xunta dispón de máis cartos, como se iso lle servise de escusa para disimular a baixa calidade dos servizos que reciben os galegos e as galegas, a súa falta de política industrial ou a incapacidade para desenvolver con sucesivos orzamentos récord a rede de transporte intracomunitaria que é da súa competencia.

O pasado día 14, nunha desas notas propagandísticas, a Xunta gabábase de incrementar ata 187 millóns de euros o Fondo de Cooperación Local, ese fondo que ten conxelado dende o ano 2010 e que reparte con criterios partidistas. Destes 187 millóns, 71 millóns, o que representa o 40 %, son repartidos de forma finalista, destinando só 116 para as necesidades que estimen os propios concellos. A escaseza deste incremento queda de manifesto coa sinxela operación matemática de dividir os fondos entre os 313 concellos galegos, o resultado é de menos de 600.000 euros por concello. Dito doutro xeito, a Xunta, cun orzamento 60 veces maior que esta Deputación, vailles dar aos concellos de Galicia menos fondos dos que a Deputación reparte de xeito obxectivo entre os 93 concellos da provincia.

A débeda da Xunta cos concellos foi cifrada pola Fegamp en arredor duns 600 millóns de euros, que é o que lle custa aos concellos levar adiante as competencias impropias que a Xunta fai recaer nos mesmos. Unha práctica que non parou nin durante a pandemia, cando o Goberno autonómico lles encargou aos concellos non só a limpeza, senón a desinfección dos centros educativos. Por esta asunción de competencias impropias, a Fegamp está a reclamar que a Xunta asuma a totalidade do custo do Servizo de Axuda no Fogar, incrementado ano a ano polo envellecemento da poboación e a falta de residencias públicas; ou os gastos derivados da decisión da Xunta de facer de balde as escolas infantís municipais, coa súa peculiar política de invita á custa do peto dos concellos.

En xullo do ano 2024, o presidente Rueda aseguraba que a prestación dos servizos públicos no rural galego implicaba para a Xunta un sobrecusto de 500 millóns de euros e reclamáballe ao Estado unha reforma do sistema de financiamento autonómico que tivese en conta esa situación e garantise eses fondos. Tendo en conta que, na actualidade, a prestación dos servizos públicos no rural galego –educación, sanidade e servizos sociais– é absolutamente deficiente, a demanda do presidente Rueda parece inxustificada. Por iso lle propoñemos que a Xunta incremente neses 500 millóns de euros os investimentos nos concellos para garantir a prestación en condicións de igualdade e facer ben as contas antes de reclamar a terceiros.

A Deputación da Coruña mantén o seu compromiso de servizo aos concellos en defensa do municipalismo. A autonomía e a suficiencia financeira dos concellos é



imprescindible para garantir a prestación dos servizos aos veciños e veciñas, para garantir o equilibrio territorial e para loitar con eficacia contra as ameazas do reto demográfico. Por iso sometemos, para o seu debate e posterior aprobación en pleno, esta proposta para que a Deputación Provincial da Coruña reclame á Xunta de Galicia:

1. Que os orzamentos de 2026 incrementen o Fondo de Cooperación Local para saldar a débeda de 600 millóns de euros que a Xunta mantén cos concellos pola prestación de competencias impropias.

2. Que os orzamentos de 2026 incorporen partidas destinadas a garantir a prestación de servizos públicos no rural en plena igualdade coa contorna urbana, rematando coa política de recortes levada a cabo polos sucesivos gobernos do PP.

3. Que, de acordo coas estimacións do propio presidente Rueda, as partidas reclamadas no punto anterior se sitúen arredor dos 500 millóns de euros que o presidente calcula como necesarios para a prestación duns servizos públicos plenos e iguais no rural, circunstancia que a día de hoxe non se cumpre.

4. Que se recoñeza as deputacións provinciais como entidades locais para o seu financiamento nos termos previstos na Constitución española.

Este é un tema longamente debatido xa nesta casa ao longo dos últimos anos e penso que ademais é un debate que se atopa dende xa hai moito tempo tamén no día a día dos municipios de Galicia.

A situación financeira de moitos deles, derivada, sobre todo, de competencias impropias, como poida ser a do SAF, que quizá poida ser a máis avultada delas, está a ser moi complexa. Hai actualmente concellos que teñen que dedicar o seu capítulo de investimentos única e exclusivamente para sufragar os custos do servizo de atención a dependentes tendo en conta o deficiente financiamento que se traslada por parte da Xunta de Galicia. 12,50 euros por hora nun servizo que actualmente se está a adxudicar entre 21 e 24 euros a hora, e incluso máis, polo que di Carlos Calvelo, co cal máis o meu favor, Carlos; incluso máis, nalgúns concellos. Ademais, un servizo que non vai moitas veces en consonancia co número de poboación, pode haber un concello que teña moita poboación, pero cunha poboación non tan envellecida como un concello pequeno. Polo tanto, o esforzo financeiro que ten que facer ese municipio para asumir ese sobrecusto, que non é da súa competencia, fai, como digo, que neste caso nalgúns concellos como o de Dodro, practicamente queden sen recursos para aquilo que si é de competencia municipal.

Este é un pequeno exemplo. Poderíamos falar dese fondo de cooperación que, do que comentabamos agora na exposición de motivos, esta Deputación vai repartir máis recursos a través do Plan Único, con criterios obxectivos, entre os 93 concellos da provincia da Coruña, é dicir, 138 millóns, que os que vai repartir a Xunta Galicia entre os 313 concellos galegos. Iso dá boa mostra de quen entende que o municipalismo pois é unha Administración en igualdade de condicións que o resto e que merece ser tratada exactamente igual, e quen non. Sobre todo cando vemos o presidente da Xunta de Galicia en Madrid falar de financiamento autonómico e exixir un reparto de recursos públicos para as autonomías que sexa transparente e con criterios obxectivos.

É unha mágoa que iso que lle exige ao Goberno do Estado non o practique na súa propia terra, onde el é presidente, sobre todo con aquelas administracións como somos



os concellos que non temos a sorte de saber nin como se reparten eses recursos –polo tanto, sen ningún tipo de transparencia– nin loxicamente con criterios de obxectividade, máis alá que o criterio da cor política de quen goberna en cada un deses municipios. Puxen este exemplo, poderíamos falar do canon da auga, ese canon que se recada entre os cidadáns dos distintos concellos galegos que vai a unha bolsa común e que despois a Xunta a Galicia, sen ningún tipo de criterio coñecido e, dende logo, moito menos obxectivo, reparte de forma totalmente discrecional. Polo tanto, estes son algúns dos poucos argumentos que vou adiantar agora á espera das intervencións que penso, ou que pensamos, que xustifican máis que sobradamente a presentación desta moción.

Polo tanto, espero contar, tendo en conta que neste plenario hai concelleiros e alcaldes e, polo tanto, todos e todas vimos do mundo municipal, esperamos contar co apoio dos distintos grupos que conforman esta Corporación. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente.

Ben, o que está claro é que, en canto ao financiamento local, temos dous modelos perfectamente contrastábeis e absolutamente antagónicos. O primeiro modelo que temos é o do Partido Popular, que consiste en repartir o mínimo posíbel entre todos os concellos do país con criterios automáticos respectando a autonomía local, e repartir todo o posíbel de xeito condicionado a través de convenios e subvencións, convenios que misteriosamente sempre caen do mesmo lado e subvencións por rigorosa orde de entrada e de rexistro que, misteriosamente, rematan ás 12.04 da noite sen que, casualmente, determinados concellos poidan acceder a esas subvencións e accedendo outros concellos que, misteriosamente, están ostentados ou os seus gobernos son do Partido Popular.

En definitiva, o seu proxecto é alimentar economicamente os concellos gobernados polo Partido Popular e deixar morrer de inanición os concellos que non están gobernados polo Partido Popular. Ese é, basicamente, o seu modelo. E a cuestión é que isto non só repercute, evidentemente, no servivir que isto lles supón aos alcaldes e alcaldesas que non son do Partido Popular, senón que isto repercute tamén nos cidadáns e nas cidadás que viven neses concellos, na solvencia que teñen os propios concellos para facer fronte ás necesidades que teñen as persoas que viven neles.

Ao final, o que fan vostedes é chantaxear indirectamente os cidadáns, os votantes, as votantes dos concellos. Porque vostedes o que fan é dicirlles aos cidadáns que, se votan o Partido Popular, van ter unha Xunta de Galicia ao seu servizo que vai financiar comodamente o seu concello e van ter uns servizos, efectivamente, moito mellor financiados. Se non votan ao Partido Popular, van ter o concello, basicamente, afogado. Iso é o que vostedes están a transmitir co seu modelo de financiamento aos concellos.

E, para exemplo, o que acaban de facer en Ribeira, que é fóra, evidentemente, do Fondo de Cooperación Local, pero que é un exemplo perfecto de como entenden vostedes o funcionamento das institucións. En Ribeira, cando o alcalde é do Bloque Nacionalista Galego nin atenden a solicitude de reunión coa conselleira de Política Social para atender unha demanda cidadá que é a de ter un centro de día. Óbrase a moción de censura e, taránn!, xa non é que lle dean unha reunión á alcaldesa de Ribeira, é que vostedes xa vai a propia conselleira ao concello e promete un investimento millonario nese concello para que, efectivamente, se atenda a necesidade de centro de día en



Ribeira. Esa é a súa maneira de entender a política e esa é a súa maneira de financiar os concellos e de atender as necesidades da xente que vive nos concellos do país.

Miren, vou dar algún dato, non son moi amiga de embarullar as cousas con datos, pero imos falar do ano 2023. No Fondo de Cooperación Local había 143,4 millóns de euros para 313 concellos. Vostedes dixeron nese ano que puxeran a dispor dos concellos 564 millóns de euros. Iso significa que o 75 % dos fondos se puxeron a dispor dos concellos por vías que non foron o Fondo de Cooperación Local. Esa é a súa maneira de entender o financiamento local, totalmente fóra do que son os criterios automáticos e obxectivos, senón a dedo e condicionando eses fondos, que xa se sabe como os reparten.

Fronte a ese modelo do Partido Popular temos o modelo do cogoberno Bloque Nacionalista Galego-Partido Socialista, o desta casa. Imos falar de 2023. O 4,7 % dos fondos da Deputación en 2023 —4,7 %, fronte a un 75 %—, 4,7 % foron, efectivamente, adxudicados con criterios non obxectivos. Pero o 95,3 %, fronte a un 25 % da Xunta de Galicia, aquí un 95,3 % foi adxudicado con igualdade, transparencia, concorrencia, criterios obxectivos, automáticos, etc.

Eses son os dous modelos que hai. Aquí temos un POS, un Plan Único, que se distribúe con criterios automáticos, e un plan único que non deixa de medrar desde 2017. Iso é o que temos nesta casa e ese é o modelo no que realmente cremos desde o Bloque Nacionalista Galego. E este 2025 é, ademais, un ano récord, onde se destinan 138 millóns de euros para 93 concellos. Por moito que lles doa, esta é a realidade e estes son os dous modelos que hai, o seu, que é un modelo clientelar e sectario que, ao final, no que repercute é na calidade dos servizos que se lle ofrecen á cidadanía e no afogados ou desafogados que estean os gobernos en función de se son do Partido Popular ou non, e o modelo do Bloque Nacionalista Galego, e o modelo do cogoberno BNG-PSOE desta casa que, efectivamente, polo que aposta é pola autonomía local e por que, efectivamente, os concellos teñan un bo financiamento a través de criterios obxectivos e a través dunha adxudicación de fondos totalmente transparente.

Isto é o que hai, señoras e señores do Partido Popular, por moito que rosmen mentres eu interveño. Nada máis.

Sr. García Seoane

Eu, todas as mocións que veñan no sentido de denunciar a Xunta e o abandono que ten de determinados concellos, vounas aprobar. E digo isto porque o Concello de Oleiros, segundo as noticias que pululan de cando en cando, é o Concello máis rico de Galicia, por tanto, o que máis impostos paga, o que máis impostos paga á nación, polo patrimonio, á Xunta, etc., etc. Pero en Oleiros non recibimos un puñetero duro da Xunta de Galicia, non recibimos nada de nada, con corenta mil habitantes que, ademais de ser o concello máis rico, encima ten unha poboación altísima, está na periferia da cidade, ten problemas nas travesías, nas estradas, nas beiravías e, ben, nin un pataco. Si te he visto, no me acuerdo, me din sempre. Eu mando e din: No pediste, si que pedí. Pedí, pero ustedes no me escuchan.

Por tanto, eu non podo votar, xa digo, vou votar a favor, como votaría a favor de calquera outra reclamándolle á Xunta que cambie a súa política de dádivas. Porque, se lle sumamos a isto que o nivel dos veciños de Oleiros no consumo da auga, sen máis, levou a Xunta setecentos mil euros do canon, ademais de, setecentos mil euros por un



ano, estamos falando... e outro tanto no tema da taxa sobre o lixo, sobre a basura, perdón, sobre a rede de saneamento. É dicir, que nós non facemos máis que encherlle á Xunta as arcas e a Xunta non fai máis que saquearnos e non darnos ni un puñetero duro. Por tanto, vou votar, xa digo, cos ollos cerrados, voto a favor desta moción sen máis.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. A ver se imos deixar de rosmar para intentar dar algún tipo de resposta aos argumentos, sobre todo á moción. Despois, na segunda quenda, se é que o exerzo, xa veremos, igual falo ao respecto do que dixo a compañeira do BNG, pero, en todo caso, o que vou intentar agora é dar resposta ao contido da moción, que é o que se debate aquí e o que imos a votar.

A moción presentada polo Grupo Socialista parte, entendo eu, dunha visión parcial, desactualizada e politicamente sesgada. A Xunta non só mantén, senón que reforza cada ano o seu compromiso co municipalismo galego, incrementando de forma sostida os fondos destinados ás entidades locais e ampliando as liñas de apoio directo e finalista a disposición dos concellos.

A Xunta de Galicia destina en 2025, destinou ou está destinando unha cifra récord de 641 millóns de euros ás entidades locais, e en 2026 acadará os 670 millóns de euros, o que supón un incremento do 4,5 %. Dentro desa cifra, o Fondo de Cooperación Local contará cunha dotación de 187 millóns de euros, un 12 % máis que no exercicio anterior. Ademais, existen múltiples fondos e programas complementarios que apoian directamente os concellos: Fondo de Compensación Ambiental, Fondos para proxectos estratéxicos municipais, Orde de infraestruturas de uso público, programas de eficiencia enerxética, axudas á contratación de auxiliares de Policía Local en Municipios Turísticos, Programa de control e erradicación da velutina, e adicionalmente a Xunta puxo en marcha novas liñas de apoio, Banco Municipal de Maquinaria Compartida, axudas extraordinarias para paliar as consecuencias dos incendios do verán. Estes fondos son transversais e equilibrados territorialmente e sempre baixo criterios técnicos e obxectivos, non partidistas como pretende suxerir a moción.

A Xunta de Galicia tamén apoia os concellos en materias que non son estritamente da súa competencia, pero que repercuten directamente na cidadanía. Financiamento dos xurados de paz e oficinas de xustiza do municipio, nova liña de axudas de 330.000 euros para plans municipais de incendios forestais, programas de vixilancia, rescate e salvamento acuático e apoio aos GES, agrupacións voluntarias de protección civil e consorcios provinciais de bombeiros. A moción do PSdG ignora deliberadamente dúas cuestións fundamentais. A primeira, o marco competencial e financeiro vixente. A moción parte dun erro base que é grave, entendo eu: pretender que a Xunta de Galicia asuma responsabilidades que non lle corresponden segundo o marco xurídico e financeiro definido pola Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, a estrutura territorial do Estado establece con claridade que os concellos, as deputacións e as comunidades autónomas teñen competencias diferenciadas e complementarias, mais non intercambiabiles. Neste sentido, cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten competencias de planificación, coordinación e financiamento autonómico, mais non pode substituír o papel das deputacións provinciais que son, conforme a Lei 7/1975, de base de réxime local, o concello dos concellos, é dicir, as administracións chamadas a prestar asistencia técnica, económica e xurídica aos municipios de menor capacidade financeira ou estrutural.



Pretender que sexa a Xunta quen asuma directamente o financiamento ou xestión dos servizos de competencia municipal suporía romper o equilibrio institucional invadindo o ámbito competencial das entidades locais e desnaturalizando o principio de autonomía municipal consagrado no artigo 140 da Constitución. Ademais, a Xunta xa destina unha parte crecente dos seus orzamentos a apoiar os concellos, asumindo *de facto* gastos e competencias impropias; por exemplo, en servizos sociais, educación infantil ou infraestruturas locais, nun exercicio de corresponsabilidade e compromiso co territorio. Por iso, exixir máis fondos á Xunta sen abordar unha reforma integral do sistema de financiamento autonómico e local é politicamente inxenuo e institucionalmente incoherente.

Penso –fago un inciso aquí– que é urxente unha reforma do sistema de financiamento autonómico, pero tamén é urxente unha reforma do sistema de financiamento local. Iso está claro, e aí deberíamos estar todos da man e acompañados para solicitalo. Non se trata de repartir máis diñeiro, senón de redefinir o modelo de financiamento para garantir estabilidade, suficiencia e equidade, evitando que cada Administración cargue con competencias alleas, como poden ser as residencias de maiores nunha deputación, que comprometen a súa sustentabilidade.

É importante subliñar que a Xunta non pode nin debe converterse nunha deputación paralela, porque iso implicaría recentralizar funcións ou debilitar o papel das administracións locais. A política municipalista da Xunta baséase, pola contra, na cooperación horizontal e na lealdade institucional, ofrecendo instrumentos e recursos para que os concellos poidan exercer as súas propias competencias con autonomía e con previsión.

A segunda cuestión que a moción ignora deliberadamente é a responsabilidade directa do Goberno de España na situación do financiamento estrutural que padecen todas as comunidades autónomas, tanto as comunidades autónomas como os concellos.

A actual fórmula de distribución de recursos dentro do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais é obsoleta e inxusta, e non foi reformada dende o ano 2009, a pesar de que Galicia, a través dos sucesivos gobernos autonómicos, leva anos reclamando un novo modelo que teña en conta a realidade territorial e demográfica propia. Cómpre lembrar que Galicia é unha comunidade cunha dispersión poboacional importante e un envellecemento demográfico moi superiores á media estatal, o que incrementa notablemente o custo da prestación dos servizos públicos, especialmente nos concellos máis pequenos e das zonas rurais.

Manter os servizos básicos no rural galego supón un sobrecusto anual fronte ao que o actual sistema de financiamento non achega a compensación suficiente. Esa eficiencia do modelo estatal trasládase inevitablemente aos concellos, que deben asumir gastos crecentes en servizos sociais, atención domiciliaria, mantemento de centros educativos ou programas de igualdade, moitas veces sen o respaldo económico necesario por parte do Estado.

A reforma do sistema de financiamento local é unha responsabilidade exclusiva do Goberno de España, pois é quen ten a capacidade normativa e orzamentaria para corrixir os desequilibrios territoriais.

Non resulta nin lóxico nin xusto que se pretenda trasladar esa responsabilidade á Xunta cando Galicia foi precisamente unha das comunidades máis activas e propositivas



na demanda desa reforma, enviando propostas ao Ministerio de Facenda e impulsando acordos no seo da Fegamp e da Conferencia de Presidentes. Por tanto, a moción do PSOE non busca realmente mellorar a cooperación institucional nin resolver os problemas de fondo do municipalismo galego. O seu obxectivo é politizar un debate técnico e económico, convertendo unha cuestión de financiamento estrutural nun instrumento de confrontación partidista contra a Xunta de Galicia.

Para ir concluíndo, a posición da Xunta a este respecto é clara: defende o municipalismo dende o respecto ás competencias de cada administración. Reclama un novo sistema de financiamento estatal que garanta suficiencia e equidade. Reforza cada ano o apoio financeiro e técnico aos concellos con récord histórico de fondos en novas liñas de cooperación.

En consecuencia, a moción presentada é parcial, desinformada e parcialmente e politicamente interesada, pois pretende culpar a Xunta dunha situación que é consecuencia dun modelo estatal caduco e dunha falta de vontade reformista por parte do Goberno de España. A cooperación institucional non se constrúe con mocións propagandísticas, senón con lealdade, diálogo e responsabilidade compartida.

En resumo, a Xunta de Galicia aumenta cada ano os fondos municipais, acadando máximos históricos. Mantén liñas estables e previsibles de apoio financeiro aos concellos, asume competencias e gastos que non lle corresponden para garantir servizos públicos en igualdade de condicións. Defende unha reforma estatal do financiamento local que poña fin a un infrafinanciamento estrutural.

Por todo anteriormente exposto, o noso voto vai a ser en contra da moción que presenta o Partido Socialista.

E tiña pensado para a réplica, pero vou falar agora un pouco da xestión actual do Goberno da Deputación da Coruña, porque vou aplicar hoxe, e non mo tome a mal, non lle quero fastidiar o *copyright*, pero “consellos vendo que para mi no tengo”. Entón, falando da Deputación da Coruña, a min gustárame engadir que o actual Goberno da Deputación Provincial da Coruña, presidido polo PSdG, non está en condicións de dar leccións de municipalismo nin de xestión cooperativa, cando o seu propio funcionamento revela unha falta de planificación estratéxica, escasa coordinación cos concellos e evidente uso político dos recursos provinciais.

A Deputación, lonxe de exercer o seu papel de concello dos concellos, está a derivar cara a un modelo partidista e propagandístico, no que as decisións sobre investimento e subvencións non sempre responden a criterios subxectivos ou transparentes. Os concellos gobernados por opcións políticas distintas ao PSdG denuncian —e así nolo trasladan— reiteradamente tratos desiguais, demoras na tramitación das axudas e falta de comunicación institucional fluída. Mentres a Xunta de Galicia reforza cada ano a cooperación cos municipios con liñas plurianuais e previsibles, a Deputación de Coruña mantén convocatorias descoordinadas, con escasa continuidade e escaso impacto real no desenvolvemento local, substituíndo a planificación pola improvisación e pola comunicación política.

Ademais, o Goberno provincial evita sumarse a proxectos de colaboración conxunta coa Xunta, antepoñendo o cálculo político ao interese xeral, como se observou en áreas tan sensibles como a cooperación en materia de infraestruturas municipais, a xestión conxunta de emerxencias e servizos públicos e a execución de programas de



cohesión territorial.

Esta actitude non só dificulta a coordinación institucional, senón que prexudica directamente os concellos máis pequenos, que dependen precisamente da cooperación leal entre administracións para poder prestar servizos de calidade á cidadanía. Por iso, resulta paradóxico e contraditorio que quen non cumpre plenamente co seu papel provincial pretenda reclamar responsabilidades á Xunta, cando debería centrarse primeiro en mellorar a súa propia xestión, garantir equidade territorial e reforzar a cooperación real cos municipios e coa Administración autonómica e, sobre todo, executar o orzamento que cada ano queda sen executar, que é máis da metade. É dicir, non se executa máis do 40 % dos recursos que teñen esta casa. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, non esperaba outra cousa. Non podo dicir que me sorprenda a intervención porque estaría mentindo. Despois de dez anos aquí escoitando a mesma matraca, un xa está acostumado, non? Pero si que é certo que chegou un momento en que tiven que dicirlle á miña compañeira que me beliscara, porque non sabía se estaba soñando, durmindo, non durmindo de aburrimiento, aínda que parte da exposición con tantos datos e todos eles falsos, case invitaba a botar un sono, pero, sobre todo, porque nos presenta vostede unha realidade que só está, non sei se na súa cabeza, se na cabeza de quen lle escribiu o que acaba de ler, pero dende logo que non ten nada que ver coa que padecemos os concellos galegos.

Non sabería por onde empezar, pero case, se quere, empezamos polo último, non?, que é ese mantra que repiten vostedes de que esta Deputación ten non sei cantos cartos no banco, que executamos moi mal, que non sei que. Entón, como xa sabía que ía vir por aí, porque xa é bastante previsible e, á parte, esta matraca xa a leva repetindo moito tempo, tomeime a molestia de mirar algúns datos. Mire, a día de hoxe, nas contas da Deputación Provincial da Coruña hai 329 millóns de euros. Deses 329 millóns de euros, 131 millóns de euros son dos POS dos concellos desta provincia que están sen executar dende o ano 2021, é dicir, son os cartos dos concellos desta provincia, 131 millóns de 329. Só estamos a falar do Plan Único, despois podemos falar de todos os convenios nominativos que están sen executar e que seguen nas contas da Deputación.

Hoxe mesmo, sen ir máis lonxe, acabamos de aprobar a prórroga de dous convenios nominativos para dous concellos, vou dicir dos seus, do PP; hai máis, pero dígoo porque, para identificalos, que un é o de Cabanas. Un convenio asinado no ano 2022 por 180.000 euros que hoxe se prorroga novamente ademais a súa vixencia ata decembro de 2026. Ou o Concello de Vilasantar, un convenio de 2023 por 50.000 euros. Son dous exemplos de dous convenios nominativos asinados con concellos do Partido Popular –hainos co resto de formacións, pero, como é vostede o que nos presenta unha realidade que os demais non compartimos, voume referir só aos seus– que, lóxicamente, seguen nas contas da Deputación porque non foron executados por eses concellos. Non estou dicindo que eses concellos xestionen mal nin o fagan mal, pero esa é a realidade, que están sen gastar. Seguramente teña moito que ver tamén cos informes sectoriais, e as autorizacións sectoriais que non dan chegado a tempo e que moitas delas teñen que ver precisamente con esa Administración que tan ben xestionan vostedes que se chama Xunta de Galicia, e que hai casos nos que tardan oito, nove, once meses en remitir algún informe con autorización sectorial.

Pero, mire, voulle dar algúns datos concretos deses 131 millóns de euros do Plan

**RPT-6654235



Único. Por exemplo, o Concello de Coristanco ten desde 2023 pendentes nas contas da Deputación, porque aínda non foron adxudicados, 869.000 euros. O Concello de Ferrol desde 2022, un millón cento dous mil euros. O Concello de Lousame –estou poñendo exemplos así ao tuntún– dende 2024, 165.000 euros. O Concello de Mugardos desde 2021, un millón cincocentos mil euros. O Concello de Ordes desde 2022, novecentos oitenta e catro mil euros. O Concello de Ortigueira desde 2022, un millón novecentos cincuenta e catro mil euros. Todos estes son cartos do Plan Único dende ano 21 e 22, 23, 24 e 25 que están sen adxudicar. E, polo tanto, seguen nas contas da Deputación.

Polo tanto, pregúntolle, a ver se me pode contestar si ou non, que é moi sinxelo, despois, cando me replique. Cal é a súa proposta? Que fagamos o mesmo que fai a Xunta de Galicia? Que é: aprobamos unha liña de subvencións ou unha axuda este ano e o que non teña o tema xustificado no mes de decembro, de outubro ou de novembro queda sen os cartos. Esa é a proposta que fai vostede? Quere que deixemos sen os cartos os concellos do Partido Popular, e o resto dos concellos desta provincia do Plan Único que están sen executar? Porque iso é o que fan vostedes na Xunta de Galicia; por certo, con bastante menos prazo do que facemos os demais. Despois xa lle explicarei a que me estou a referir.

E así, pois mire vostede, de 329 se lle quitamos 131, estaríamos en 199, 198, co cal xa teríamos moito máis nivel de execución orzamentaria nesta Deputación. Pero despois hai que sumar as nóminas do que queda de ano, os gastos correntes da Deputación do que queda de ano, habería que incorporar a maiores eses 35 millóns que van ir ao POS adicional antes de rematar o ano, os 22 millóns que van no POS para gasto corrente antes de rematar o ano, e outras achegas de 12 millóns de euros de tributos, na participación de tributos aos concellos do primeiro trimestre e outros 12 que van ir agora tamén. Polo tanto, estaríamos a falar de 48, 70, 60, uns 82 millóns de euros que van detraerse destes 329 que, sumados aos 131 e que sumados a todas as nominativas que temos aínda en espera, case chegaríamos a que nos quedarían na conta algo máis de 50 e pico millóns de euros que, en nivel de execución orzamentaria, tendo en conta canto temos orzado, é moito máis do que executa a Xunta de Galicia, cun sistema moito máis inxusto, cun sistema caciquil de reparto inxusto nos tempos, porque o que non chega para ter a xustificación perde os cartos.

Voulle poñer un exemplo do meu Concello, moi recente. O día 26 de setembro, hai agora un mes aproximadamente, chéganos unha comunicación dunha subvención para o polígono industrial para un acceso, etc., de 167 mil euros, e dannos de prazo para ter xustificada, rematada e pagada a obra o 14 de novembro. É dicir, un mes e medio, xa só para cumprir os prazos da Lei de contratos é imposible xustificar esta achega. Iso é o que queren que fagamos, vostedes, aquí?, porque así a Xunta de Galicia poderá dicir «Bueno, quiteilles os cartos, xa está, non hai ningún problema». Iso é o que quere que fagamos? Ese é o modelo que queren vostedes para esta Deputación? É o modelo que queren os alcaldes do PP que están aquí sentados? Pero que o digan claramente.

Cal é o problema? O problema é que vostede vén defender aquí un partido e vén defender aquí a Xunta de Galicia, non vén defender os intereses dos concellos da provincia da Coruña, nin sequera dos seus propios concellos. Que é verdade, que están insufinanciados grazas ao que nos quitan aos demais. Porque falaba vostede dun montón de liñas de axudas que reparte a Xunta de Galicia. Si, pero casualmente non falou de como se reparten, non falou de cal é ese criterio. E no Fondo de Cooperación Local, home, hai que ter, non sei, rostro de cemento armado para vir falar aquí de que se incrementa. Que parte se incrementa do Fondo de Cooperación Local? Porque, ben, iso



se o conta a vostede a un fóra, que non ten nin idea de que vai isto, igual lle coa, pero os que estamos aquí sentados non creo que tivera vostede a esperanza de poder enganarnos a algún. O Fondo de Cooperación Local a Xunta de Galicia lévao conxelado, ben, unha pila de anos, pero o ano pasado foron, no fondo base, que é o que se reparte con criterios obxectivos entre todos os concellos, 118.372.000 euros. Casualmente, no ano 26, cal é a achega que fai a Xunta ao Fondo de Cooperación, nese caso no fondo base?: 118.372.000, volve conxelalo.

Cal é o que incrementa? Incrementa o Fondo Adicional de 40.000.000 en 2025 a 58.000.000 en 2026. Fondo Adicional que aí si que non sabemos con que criterio se reparte. Non o sabemos porque non o pon por escrito, pero sabémolo e, sobre todo, padecémolo, que é co criterio do dedo, para financiar os concellos do Partido Popular.

Pero podemos falar, se quere, da recadación de Augas de Galicia e de como se reparten eses recursos que saen dos petos dos nosos veciños. Que no recibo que lle xiramos a cada veciño dos nosos concellos polo servizo de saneamento, de depuración e abastecemento de auga potable, hai unha parte que vai para a Xunta de Galicia, para unha bolsa común. Vostedes recádano e, despois, que fan?, repártenos cun criterio que todo o mundo descoñece e que casualmente sempre cae de forma maioritaria en concellos de quen?, do Partido Popular. Estámolo vendo no caso de Ribeira. Por poñer unha contraposición na mesma comarca: o alcalde de Boiro leva anos pedindo que se lles axude para financiar unha nova depuradora, nin sequera o reciben. Resulta que en Ribeira entra unha alcaldesa do PP e á semana seguinte xa hai cartos. Home, polo menos disimulen un pouco. Porque é unha utilización vergoñenta das institucións públicas para financiar por detrás mocións de censura. É unha utilización dos recursos que saen dos petos de todos os cidadáns totalmente caciquil, desfasada e antidemocrática. Porque os meus veciños que me votan a min, ao Partido Socialista, ou no caso de Gelo a Alternativa, ou ao Bloque en Carballo ou calquera outro concello, pagan impostos exactamente igual que os pagan os do Partido Popular.

Polo tanto, se vostedes mesmos xa o dixeron; é dicir, o sistema que nós pedimos para nós é o mesmo que piden vostedes co Estado. Porque non imaxino o señor Rueda e o señor Moreno Bonilla e Ayuso e todos estes competindo no Estado por financiar as súas autonomías a través dunha subvención por orde de chegada e que o que chega primeiro leva os cartos e o que non queda sen nada. Ben, pois igual haberá que propoñerlle ao Goberno do Estado que o faga así, a ver se así o presidente Rueda e os demais presidentes autonómicos do PP se enteran dunha vez do que estamos a padecer os demais.

Subvenciones por orden de llegada. Algunha delas aquí, algún dato, aquí, mentres falaba vostede, porque, como xa me coñezo o que ía dicir, tampouco... tiven tempo para facelo, porque xa vén sendo moi repetitivo. Pero, mire, o venres 3 de maio de 2018 convócase unha subvención da Xunta de Galicia, unha liña de subvencións, abríndose o prazo ao día seguinte, sábado 4 de maio de 2018. En 12 minutos esgotáronse 4,3 millóns de euros, en 12 minutos, casualmente, son máis rápidos, os beneficiarios foron 19 concellos, 15 do Partido Popular e 4 do resto de formacións políticas. Que casualidade! Pois será que teñen os funcionarios máis rápidos que o resto. Ben, polo menos xa teñen uns funcionarios máis comprometidos, porque traballan os sábados ás 12 da noite. Hai máis como este, eh? Recentemente unha dun millón de euros en nove minutos para feísmo, para combater o feísmo nos concellos. Outra de 2,3 millóns de euros en nove minutos; unha convocatoria publicada o día 9 e iniciada, a súa xestión ou tramitación, o día 10. Ese é o sistema de subvención.



Que dirían vostedes se nesta Deputación fixeramos convocatorias dun día para outro, dun venres para un sábado, ás 12 da noite, e caeran case todas elas nos concellos daqueles grupos que conformamos o Goberno desta Deputación. Que estarían a dicir vostedes? Porque se ata critican, se ata ten vostede a ousadía de criticar e manifestarse contra o Plan único diante das portas da Deputación, que reparte máis cartos con criterio obxectivo que a Xunta de Galicia entre 313 concellos, tivo vostede a ousadía con outros alcaldes de manifestarse diante da porta desta casa, que farían vostedes se os tratamos como fai a Xunta de Galicia co resto? Non son capaz de imaxinalo, non?

E dicía vostede o tema do marco competencial e financeiro actual, que o que estamos pedindo é que a Xunta asuma competencias. Non, non, non; non terxirse vostede, non manipule o que estamos a dicir. O que estamos a dicir é que nós, os concellos, estamos asumindo custos de competencias que son da Xunta de Galicia. E o que pedimos xa non é que asuma as nosas, senón que asuma as dela. E, se non quere asumir as dela, que nos dea os recursos para facelo nós. Porque o Servizo de Atención ao Domicilio non é unha competencia municipal, a competencia financiadora é da Xunta e do Estado. O Estado transfírelle recursos á Xunta e a Xunta aos concellos e a día de hoxe dannos a metade do que custa o servizo. E gustárame saber se, cando o señor Rueda fala da débeda que ten o Estado con el en materia de dependencia, se lla chegan a pagar algún día, dando por feito que esa débeda sexa así, e eu invito aquí o señor Rueda a que vaia aos tribunais a denunciála, e contará co meu apoio, espero que, no momento en que o Estado a salde, se iso ocorrera, el a salde cos concellos. Ou que vai facer? Vai quedar cos cartos e despois repartilos co mesmo criterio que todos sabemos, que é facendo residencias en concellos do Partido Popular, etc., etc. E non acabarán, e non acabarán onde teñen que estar, que é no Servizo de Atención aos Dependentes.

Polo tanto, aquí xa nolas sabemos todas, xa estamos moi acostumbrados a esa forma que teñen vostedes de xestionar e a esa Administración caciquil e partidista, e totalmente vergoñenta, por non dicir atrasada para o século XXI. Pero, ben, desgraciadamente é o que nos toca vivir. Non por iso, dende logo, imos deixar de exixirllas a vostedes o que é de total xustiza, que é que nos dean recursos para financiarnos e, en tal caso, se temos que asumir os custos das competencias que son da Xunta de Galicia, que nos dea os recursos para facelo. Pedimos o mesmo que pide o señor Rueda a Madrid. Polo tanto, que empece aplicándose o conto en Galicia e despois poderá dar consellos para fóra. E así remato, parafraseándoo a vostede mesmo: “consejos vendo que para mí no tengo”. Sería importante que tomaran vostedes boa nota. Nada máis. Moitas grazas.

Sra. Veira González

Un comentario moi breve, en ton retranqueiro, por suposto. Ogallá, señor Ben, algunha vez, algunha organización política levase ao Pleno do Parlamento de Galiza propostas para a mellora do financiamento autonómico. Ogallá levase algunha vez e ogallá o Partido Popular votase algunha vez a favor desas propostas. O problema é que o Partido Popular no Parlamento de Galiza, cando gobernaba o Partido Popular no Goberno do Estado, nunca, nunca, e digo nunca, xamais exixiu unha reforma do financiamento para Galiza, nunca. Foi cando houbo unha modificación no Goberno do Estado cando vostedes se empezaron a poñer estupendos e a exixir ese cambio e esa mellora do financiamento autonómico, esa é a realidade, esa é a realidade, que cos seus non son tan valentes nin se poñen tan estupendos. Nós desde o BNG levamos décadas exixindo unha reforma do financiamento para Galiza. E vostedes só o piden cando gobernan outros en Madrid, pero, cando gobernan os seus, nunca.



Nada máis.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. No sé, igual podríamos llevar una aprobación de la reforma del sistema de financiación autonómico local al Parlamento, pero es que creo que eso no se aprueba en el Parlamento de Galicia, que eso tiene que debatirse y aprobarse en el Congreso de los Diputados, ¿o le corresponde al Parlamento de Galicia hacer una aprobación de una reforma del financiamiento autonómico de España? Por favor, es que... ¿Sabe lo que pasa? ¿Sabe lo que pasa? ¿Sabe lo que pasa? Que usted no me compre esta cuestión de que es urgente, urgente, reformar el sistema de financiamiento y de las comunidades autónomas indica que ustedes son incapaces de coincidir con nosotros nunca.

El nuevo Bloque, el nuevo Bloque, el Bloque de los coroneles, el Bloque del amigo Rego, no es capaz de pedir nada en lo que coincida con el Partido Popular. Así les va, sigan así que estarán muchos años donde están.

En todo caso, señor Fernández, yo no le voy a decir cómo lo vamos a hacer, si tenemos la oportunidad lo haremos. El dinero no se le va a quitar a los ayuntamientos y ese dinero llegará a los ayuntamientos de una manera mucho más ágil, pero comprenderá que a nosotros no nos pagan aquí por docencia, no le vamos a enseñar a ustedes cómo tienen que hacer las cosas. Las haremos, las sabemos hacer, se ha acreditado y las haremos bien. El dinero aquí no es músculo financiero, es grasa financiera y el dinero tiene que estar donde tiene que estar, que es en los ayuntamientos. Y ya le he dado demasiadas pistas al respecto del asunto.

Respecto al tema del POS, es que fíjense ustedes, aquí después del POS no hay nada, después del POS no hay nada. Ustedes viven de un mensaje, el Plan Único, ¿vale? Se lo compro. ¿Qué hay después del POS? Bueno, voy a ser justo, en honor a la verdad, yo creo que en Turismo hacen una buena labor. Lo siento, señor Regueira, sé que esto no le viene bien que yo lo diga, pero es verdad. Ustedes en Turismo hacen una buena labor, lo reconozco públicamente, y a mayores de ahí después del POS no hay nada. Aquí no existe nada más allá del POS pero, ya que tienen ustedes el POS y ya que hablan del POS, yo lo que les voy a decir es una cosa: ¿por qué no hacen una transferencia directa de los fondos del POS a los ayuntamientos para que tengan una previsión clara, como los PIE llegan a la Diputación, ya que no quieren gobernar y abdicar de la responsabilidad de gobernar, hagan una transferencia directa a los ayuntamientos con periodos claros y posibilidades de uso de los mismos. Eso, si quieren ustedes abdicar de todo, de cualquier decisión y no mojarse para nada, es lo que deberían hacer.

¿Criterios partidistas? Bueno, es raro que lo digan ustedes hoy, cuando han aprobado la primera residencia para As Pontes, que no sé quién es de As Pontes aquí. Ah, es usted, señor presidente, perdón.

Después nos llenamos la boca pidiendo más dinero para sanidad, por supuesto. Más dinero para educación en los presupuestos de la Xunta, por supuesto que sí. Más dinero para servicios sociales, por supuesto que sí. Más dinero para infraestructuras, por supuesto que sí. Pero ¿cómo se pueden comparar ustedes con las funciones y las responsabilidades que tiene la Xunta en el Gobierno y las responsabilidades que tiene en Galicia con lo que hacen ustedes aquí? Ustedes reparten el dinero del POS y hasta luego



maricarmen, como dice la canción. Ustedes el día 2 de enero se pueden marchar para su casa y volver aquí el día 31 del año siguiente, que no se va a notar que estén o no estén. No se va a notar que estén o no estén. Después del POS aquí no hay nada. ¿Van a traer un presupuesto este año? ya se lo anuncio. El lunes irá el presidente a explicarlo allí, bueno, el año pasado llevó la misma intervención que hace dos. Supongo que este año llevará la misma, cambiando las fechas, y va a decir lo siguiente, cuando traigan el presupuesto. Vías y Obras, X. Plan de Sendas, Y. Mejora de Seguridad Vial, XY. No pone ni qué sendas van a actuar, ni pone qué prioridades hay en las carreteras. Es que no explican ustedes nada, gobiernan a salto de mata cada día que pasa, son ustedes una muestra exacta de lo que es la ineficacia y la incapacidad. Y exceptúo de este tema, lo siento, señor Regueira, le exceptúo a usted, porque es justo reconocer que usted su trabajo lo hace bien.

No voy a entrar en mucho más debate. Simplemente me hace gracia, señor Fernández, que en vez de defender con vehemencia su moción y lo que usted pretende, se ha dedicado a atacar la exposición de lo que he dicho. No pasa nada, estoy acostumbrado. Nosotros, repito, vamos a votar en contra de la moción. Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Si. Non sei se Regueira quere darlle as grazas ou... Non?

Sr. Fernández Piñeiro

Eu dedícome a defender a miña moción na exposición de motivos, para iso está. O que agora é contesto aos argumentos que dá vostede para non apoiala, sorprendentemente, non?

Di vostede que vostedes non nos van facer pedagogía porque xa, cando veñan, xa farán porque xa saben facelo, non? Pero se vostedes xa estiveron aquí, se xa sabemos como fan vostedes as cousas, eh? Que era aquel POS de 20 millóns de euros e todo o demais para os meus a través de convenios; 98 % dos convenios asinados da Deputación con concellos do Partido Popular cando gobernaba aquí o seu xefe de filas, o señor Calvo. Pero se xa sabemos como fan as cousas. Pervertendo tamén outra parte das axudas con aquel plan especial que sacaran –Gelo, que leva tempo, acordarase–, para as grandes cidades. Por que? Porque estaban gobernadas polo PP e había eleccións municipais. Non tiveron moita sorte, non os deberon de gastar moi ben que perderon todas. Por iso, a min non me fai falta que me faga vostede pedagogía. Dende logo, do que saben vostedes de xestión das administracións non quero aprender nada, porque teño unha visión moi distinta de como funcionan as administracións. Dende logo, non é co sistema caciquil que fan vostedes de utilización para o propio beneficio electoral do seu partido das administracións públicas.

Di vostede, e chámame a atención que traemos un tema, respondíalle vostede á voceira do BNG, que iso non lle corresponde aprobalo á Xunta de Galicia, que é do Estado. Si, é verdade, como 80 % de cousas que traen vostedes a través de mocións a este Pleno de Deputación que non lle corresponden aprobalas ao Pleno da Deputación. Ou acaso a Lei de amnistía depende do que votemos neste Pleno da Corporación? E vostedes trouxérona aquí a debater. Que pasa? Non se pode instar dende as administracións a outras administracións naquelas cuestións que lle poidan afectar? Ese é o mellor exemplo das súas contradicións e da súa dobre vara de medir, que di unha

**RPT-6654235



causa cando lle interesa e di a contraria cando non lle interesa, algo que está no ADN da súa formación política e que o vemos, ademais, día a día noutras instancias que, ás veces, incluso, ata o punto de chegar a avergonzarnos.

Di vostede, xa no culme desa emoción que o embarga agora mesmo e, loxicamente, nesa mesma liña de mentir de forma descarada, que aquí, despois do Plan Único, non hai nada. Home, hai dúas opcións. Ou que vostede non teña nin idea do que se fai aquí ou que vostede minta de forma deliberada. Eu lémbrolle que esta Deputación ten actualmente o plan de emprego máis grande da súa historia que, por certo, dedica máis recursos á promoción de emprego que a Xunta de Galicia. Pero, se quere, pregunte aos seus alcaldes quen lles financia o servizo de libre concorrência nos seus concellos. Non sei se llo vai pagar a Xunta, pero ata onde sei tamén o paga a Deputación Provincial da Coruña. Ou non sei quen paga o servizo de teleasistencia aos maiores dos concellos da provincia, moitos deles aquí alcaldes e alcaldesas, teñen moitos usuarios; pois págao tamén esta Deputación.

Se quere, podo comentarlle tamén das axudas ás entidades, ou do POS social, que nos axudan a pagar gastos derivados deses servizos. Por certo, ese POS, grazas ao cal, durante a pandemia, puidemos sufragar eses custos derivados da competencia da Xunta, que era desinfección de centros educativos, que era unha cuestión sanitaria, que nos impuxo pola porta de atrás aos concellos sen darnos nin un céntimo, puidemos sufragalos grazas a que? Pois a ese plan social que sacou esta Deputación para permitírnos meter facturas derivadas deses gastos. Polo tanto, home, non sei, financiamos técnicos de deportes, técnicos de turismo, técnicos de cultura, técnicos ADL. Iso págao tamén a Deputación. Entón, ben, cando di vostede que aquí despois do Plan Único non hai nada, é que vostede ou non ten nin idea, cousa que sei que non é verdade, ou vostede, na liña da mesma argumentación que levamos escoitando de hai aproximadamente 15 ou 20 minutos que empezamos con esta moción, minte de forma descarada.

E o peor non é que minta para enganar os que estamos aquí, que xa sei que non vai diso, mente para defender a xestión do seu partido noutra Administración que maltrata os concellos desta provincia. E ese nivel de exigencia que vostede ten de forma continuada con este Goberno da Deputación, que está a anos luz por diante na xestión pública transparente e obxectiva dunha Administración pública, home, pois é unha pena que non llelo diga vostede aos seus compañeiros da Xunta de Galicia. Pero, ben, xa sei que diso non vai dicir nada porque, novamente, e despois de dez anos aquí loitando con vostedes, non me esperaba que apoiaran nada onde se inste a Xunta de Galicia, porque xa sabemos que é a tónica dominante, dá igual o que lle pidamos. Dá igual exactamente que sexa para os concellos, que beneficie os concellos do PP, que beneficie o conxunto dos concellos, que beneficie o conxunto dos galegos, nunca vostedes xamais lle van exixir nada á Xunta de Galicia, o que fai que os que estamos no lado de en fronte nos sintamos moi honrados cando veñen mocións e si lle exiximos a gobernos que están nas mans dos nosos partidos porque, ante todo, defendemos a cidadanía. Vostedes non. Vostedes defenden única e exclusivamente o seu partido e as súas siglas e os seus intereses. E así nos vai para a desgraza do municipalismo en Galicia. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Listo, ben, simplemente para apostilar e que quede un regusto positivo da intervención de Evaristo e reforzando a que di Bernardo, de que a Deputación non fai



nada. Eu preocupárame, Xosé, se Evaristo só te felicita a ti, daríalle unha volta.

Home, eu creo que se fan bastantes cousas. Para empezar, a política de turismo desta Deputación non é de Xosé Regueira, é do Goberno da Deputación. A política de estradas desta Deputación non é de Mónica Rodríguez, é do Goberno da Deputación. Incluso, se me apura, dado que aquí se aproba todo por unanimidade, insistimos sempre, alá a onde vamos, de que é co apoio de cada un dos grupos provinciais.

Polo tanto, grazas polas felicitacións na parte que nos toca a todos. Pero si, dicir que só é o POS, como se fora simplemente unha sigla, eu creo que é inxusto. Estamos a falar de que o POS o que significa son moitas cousas. Significa, para empezar, un volume de recursos inédito nesta casa, pasando de 24 millóns e medio de euros cando chegamos, e mais un DTC destinado ás tres grandes cidades a quen lles damos as grazas permanentemente pola comprensión de cal é o papel na Deputación respecto delas, pero estamos este ano en 138 millóns de euros, contra 24 millóns e medio, máis os 33 do DTC, que foi a última fotografía de financiamento municipal do Partido Popular, contra 138 millóns de euros, nun plan que dota de autonomía e de previsibilidade aos concellos da provincia. Por non falar de que obviar un Plan de emprego local do Goberno provincial, da Corporación Provincial, porque sempre se aproba por unanimidade, con cifras que son inéditas, porque en canto a emprego esta casa adicaba, no ano 2015, 1,3 millóns de euros, hoxe estamos ao redor dos 23, 24, 25 millóns de euros. Iso significa que, grazas ao Partido Popular da Deputación, a Alternativa dos Veciños, a Marea Atlántica, a Compostela Aberta, ao BNG e ao PSdG, podemos estar orgullosos e orgullosas de que levamos investidos 125 millóns de euros, de que levamos creado ou axudado a manter 12 mil postos de traballo, que apoiamos no peor da pandemia máis de 4.400 autónomos e autónomas de vilas, medias, pequenas e grandes cidades, que axudamos a crear 1.876 empresas á data de hoxe, que creamos unha rede de *co-workings* en 10 vilas galegas da provincia de Coruña que supoñen un espazo no que se levan creadas máis de 260 empresas a data de hoxe e, polo tanto, creo que é un plan do que debemos estar orgullosos e orgullosas. Por non falar dun Plan do comercio para os concellos máis pequenos, que mobiliza seis millóns de euros con unanimidade de cada un dos grupos. Por non falar de que no ámbito da protección social levamos incrementado un 178 % o orzamento, que implica maior prezo por hora financiada en Servizo de Axuda no Fogar, sen ter ningunha competencia a Deputación. Supón poñer en marcha tres residencias, cada unha nun concello de signo político distinto, que axuda a contratar máis de 200 profesionais do ámbito da protección social cada ano no ámbito municipal e que axuda a financiar máis de 400.000 horas de Servizo de Axuda no Fogar, un 178 % máis. Preto dun 90 % no ámbito da cultura, con maior expansión da rede cultural, da historia da Deputación, que é como dicir a expansión da maior rede cultural que ten este país que se chama Galicia, por riba do que adica a Xunta de Galicia a financiar entidades no ámbito cultural, por non falar de todo o que ten que ver coa asistencia a persoas maiores no ámbito da teleasistencia, onde pasamos de 3.000 a 4.500 usuarios e usuarias á data de hoxe.

En definitiva, podemos estar falando de proxectos en calquera ámbito onde a Deputación achega un gran de area, co protagonismo que lle corresponde, simplemente achegar un gran de area para colofón, pois o maior plató virtual no eido audiovisual neste país, que axuda a crecer e a soñar ao sector, tamén o promove esta Deputación xunto co Concello da Coruña e co Cluster Audiovisual Galego. Por certo, todo isto, que debe ser un signo de orgullo para todos, pois co voto tamén de quen di que nesta casa non se fai todo o que acabo de apuntar. Polo tanto, sempre se pode facer máis, sempre se pode facer mellor, pero, en calquera caso, non podemos quedar coa mala sensación de que



aquí só se fai un POS, como se fosen tres siglas baldeiras.

(Abandonan o salón de sesións os Sres. Lorenzo Torres e Amado de la Fuente)

Imos proceder á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados/as (PP).

Abstéñense: 2 deputados/as (PP - En virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa aos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026

O sistema de financiamento local constitúe unha vella demanda dos concellos da nosa provincia, que veñen reclamando historicamente un modelo máis xusto, transparente e suficiente para garantir a autonomía e a capacidade de prestación de servizos das entidades locais.

Lonxe de avanzar nesa dirección, os concellos están a asumir cada vez máis competencias impropias sen recibir os recursos necesarios para a súa implantación, o que compromete gravemente a súa sustentabilidade financeira. Ademais, os fondos que perciben da administración autonómica non se reparten segundo criterios obxectivos e transparentes, o que dificulta a planificación e a equidade territorial, e perpetúa dinámicas de discriminación institucional que deben ser corrixidas.

Un ano máis, ao chegaren estas datas, a Xunta de Galicia pon en marcha a súa maquinaria propagandística para xerar o clima de que prepara uns novos orzamentos de récord. Cada ano, a Xunta dispón de máis cartos, como se iso lle servise de escusa para disimular a baixa calidade dos servizos que reciben os galegos e as galegas, a súa falta de política industrial ou a incapacidade para desenvolver, con sucesivos orzamentos récord, a rede de transportes intracomunitaria que é da súa competencia.

O pasado día 14, nunha desas notas propagandísticas, a Xunta gabábase de incrementar ata 187M€ o Fondo de Cooperación Local, ese Fondo que ten conxelado dende o ano 2010 e que reparte con criterios partidistas. Destes 187 millóns, 71 millóns (o que representa o 40%) son repartidos de forma finalista, destinando so 116 para as necesidades que estimen os propios concellos. A escaseza deste incremento queda de manifesto ca sinxela operación matemática de dividir os fondos entre os 313 concellos galegos. O resultado é de menos de 600.000 euros por concello. Dito doutro xeito, a Xunta, cun orzamento sesenta veces maior que esta deputación, lle vai dar aos concellos de Galicia menos fondos dos que a Deputación reparte de xeito obxectivo entre os 93 Concellos da Provincia.

A débeda da Xunta cos concellos foi cifrada pola FEGAMP en arredor duns 600M€, que é



o que lle custa ós concellos galegos levar adiante as competencias impropias que a Xunta fai recaer nos concellos. Unha práctica que non parou nin durante a pandemia, cando o goberno autonómico lle encargou aos concellos non só a limpeza, senón a desinfección dos centros educativos. Por esta asunción de competencias impropias, a propia FEGAMP está a reclamar que a Xunta asuma a totalidade do custo do Servizo de Axuda no Fogar, incrementado ano a ano polo envellecemento da poboación e a falla de residencias públicas. Ou os gastos derivados da decisión da Xunta de facer de balde as escolas infantís municipais, ca súa peculiar política de invitar a costa do peto dos Concellos.

En xullo do ano 2024, o presidente Rueda aseguraba que a prestación dos servizos públicos no rural galego implicaba para a Xunta un sobrecusto de 500M€, e reclamáballe ao Estado unha reforma do sistema de financiamento autonómico que tivese en conta esa situación e garantise eses fondos. Tendo en conta que na actualidade, a prestación dos servizos públicos no rural galego -educación, sanidade e servizos sociais- é absolutamente deficiente, a demanda do presidente Rueda parece inustificada. Por iso lle propoñemos que a Xunta incremente neses 500M€ os investimentos nos concellos. Para garantir a prestación en condicións de igualdade e facer ben as contas antes de reclamar a terceiros.

A Deputación da Coruña mantén o seu compromiso de servizo aos concellos e defensa do municipalismo. A autonomía e a suficiencia financeira dos concellos é imprescindible para garantir a prestación de servizos aos veciños e veciñas, para garantir o equilibrio territorial e para loitar con eficacia contra as ameazas do reto demográfico. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta para que a Deputación Provincial dea Coruña reclame á Xunta de Galicia:

1. Que os orzamentos de 2026 incrementen o Fondo de Cooperación Local para saldar a débeda de 600 millóns de euros que a Xunta mantén cos concellos pola prestación de competencias impropias.
2. Que os orzamentos de 2026 incorporen partidas destinadas a garantir a prestación de servizos públicos no rural en plena igualdade co entorno urbano, rematando ca política de recortes levada a cabo polos sucesivos gobernos do PP.
3. Que de acordo coas estimacións do propio presidente Rueda, as partidas reclamadas no punto anterior se sitúen arredor dos 500 millóns de euros, que o presidente calcula como necesarios para a prestación duns servizos públicos plenos e iguais no rural, circunstancia que a día de hoxe non se cumpre.
4. Que se recoñezan as Deputacións Provinciais como Entidades Locais para o seu financiamento nos termos previstos na Constitución Española."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Pasamos a rogos e preguntas.



Sr. Ben Otero

Tengo tres ruegos y tres preguntas, pero no... En todo caso, solo una pequeña cuestión. Muchas veces no se trata de hacer muchas cosas, sino de hacer las cosas que se tienen que hacer y no se hacen.

Pero, bueno, en todo caso los ruegos son tres. El primero de ellos tiene que ver con la DP-0206, una solicitud de una senda en esta carretera que es en la zona de Agrela, que por un lado, por una de las aceras, es concello de Ames y por otra de las aceras, es concello de Teo. Es una zona por la cual pasan cada año 170.000 personas andando, el último año pasaron allí, por el Camino de Santiago. Es una demanda que ayer fue aprobada por unanimidad en el Pleno de Ames, a través de una moción, antes de ayer fue aprobada en el Pleno de Teo, es una demanda urgente, y usted, presidente, según me comentan, cuando visitó Ames se comprometió a incluirlo en el plan de sendas, de hecho, dijo que, bueno, ya estaba incluido. Como en el Plan de sendas no figura en nada, supongo que estarán todas las sendas de la provincia. Pero espero que incluyan esta. Es importante por una cuestión de seguridad vial para los peregrinos, pero también para los vecinos. La petición es unánime por parte del Concello de Ames, la petición ha sido aprobada por mayoría en el Concello de Teo y espero que la DP-0206 en el tramo de Agrela, que afecta a los dos concellos, se programe, se ejecute una senda para facilitar o para intentar o procurar que no haya ningún problema de seguridad vial. Creo que es una demanda colectiva de todos y sería importante que se hiciera.

El segundo de los ruegos es referente al derecho de acceso a la información. Es un ruego relativo a la solicitud de un estudio sobre la creación de un centro de atención a personas mayores. Señor presidente, en este ruego esperamos de usted su versión más cabal, más prudente y hasta más elegante desde el punto de vista democrático e institucional.

Como usted bien sabe, los cargos representativos ejercemos un derecho constitucional a la participación política y lo hacemos en beneficio de nuestros representados. Y ese derecho exige, aún con los matices o límites de la configuración legal, la obtención de documentación administrativa necesaria para el ejercicio de nuestra función democrática de control. Sucede que el pasado 16 de septiembre solicitamos el estudio que ustedes encargaron y recibieron sobre un posible modelo de centro de atención a personas mayores. Pues bien, nos comunicaron algo un mes después y, en el colmo de la tomadura de pelo, nos comunicaron que podríamos consultarlo en una sala de estudio, el estudio, pero que teníamos que hacerlo aún veinte días más tarde.

Nos niegan la copia y nos demoran el acceso 50 días. Yo creo que esto es un hecho sin precedentes en esta casa. Vaya por delante que no responsabilizamos de esta arbitrariedad a los servicios administrativos de la casa, pero vaya también por delante que nos parecería lamentable confirmar que el presidente de esta corporación se hubiera parapetado detrás de un órgano administrativo para negarnos el acceso a esta documentación.

Señor presidente, si usted entiende que debe denegarnos el estudio, debe dictar una resolución expresa y motivada. En realidad, ya está fuera de plazo para hacerlo, pues, no habiéndolo hecho en cinco días desde la solicitud, conforme a la ley y a la jurisprudencia, la obtención de la copia se entiende autorizada. Hoy no vamos a pedir responsabilidades por el abuso y la arbitrariedad que se está cometiendo en negarnos el acceso en tiempo y en negarnos la copia misma del documento, pero de vernos



obligados a defender nuestros más elementales derechos como diputados, solicitaríamos amparo ante un tercero.

Señor presidente, negar una documentación a un representante de los ciudadanos y hacerlo sin motivación de ningún tipo, yendo en contra los propios actos y precedentes, constituye una arbitraria obstaculización de un derecho, nuestro derecho a la participación política en beneficio de los ciudadanos y puede tener consecuencias serias.

Entonces, yo le pediría, por favor, que nos traslade el lunes esta información que hemos solicitado ya hace tiempo, queremos tener acceso a este expediente y, de no ser así, nos reservamos las actuaciones oportunas.

Y el tercero de los ruegos es un consejo que yo les doy, una sugerencia, y creo que sería importante hacerlo, que es la elaboración de un plan normativo. El artículo 132 de la Ley 39/2015 establece de un modo bien claro que anualmente las administraciones públicas harán público un plan normativo que contendrá las iniciativas legales y reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación el año siguiente y que, una vez aprobado, el plan anual normativo se publicará en el portal de transparencia de la Administración pública correspondiente. Pese a la claridad y a la exigibilidad de la norma, no parece que se haya aprobado o publicado en esta Diputación el correspondiente plan normativo para el año 2025. Y así, de modo inopinado e imprevisto, se sometieron a la consideración del Pleno, sin mayor margen de tiempo para su estudio por parte de grupos políticos, novedades normativas de carácter reglamentario. Así, sin anuncio previo, se trajo al Pleno la propuesta de reglamento de honras y distinciones, la modificación de la ordenanza de subvenciones o la modificación de la ordenanza de precios públicos del Teatro Colón. Es por ello por lo que instamos, mediante este ruego, a que promueva la aprobación lo antes posible de un plan normativo de la Diputación de La Coruña para el año 2026. De lo contrario, podríamos intuir, no afirmar, que no tienen previsto o no saben muy bien lo que van a hacer el año que viene respecto a esta cuestión.

Y estos son los tres ruegos. Y ahora, si me permite, tendría tres preguntas a las que espero que me responda. Si puede ser, o por lo menos no me diga no me consta o no me acuerdo, espero que tenga respuestas para estas cuestiones.

La primera de las preguntas es relativa, y se ha hablado hoy aquí de ella, a la tramitación de un nuevo contrato de servicio de teleasistencia domiciliaria. Queríamos formularle a usted, o a la señora diputada doña Mar García Vidal, alguna pregunta sobre la tramitación de un nuevo contrato de teleasistencia domiciliaria. Concretamente, y con el debido respeto, queríamos saber si el retraso en la licitación responde a su negligencia o si el retraso es intencionado.

Como bien sabe, el contrato está vencido desde el 16 de abril del año 2024, y desde entonces se ha venido manteniendo con tres sucesivas órdenes de continuidad, una del 1 de abril del 24, otra del 29 de noviembre del 24 y la tercera de mayo del 25. Y, más que órdenes de continuidad sucesivas, son órdenes de continuidad consecutivas, pues cada una de ellas es la consecuencia de no haber sacado la licitación en los plazos previamente previstos. Como le decía, nos preguntamos si la dilación que se viene observando es intencionada.

Un haz de indicios apunta en esta dirección, y es que cuando ya con retraso, con



el contrato vencido, con el contrato de la primera orden de continuidad a punto de concluir, cuando ya se van varios meses con la licitación en trámite, van ustedes y ordenan una modificación del expediente para limitar el número de terminales y, sin entrar ahora en la oportunidad de la decisión, no se entiende bien que hubieran esperado a octubre del 24 para proponer esta modificación en el expediente. O cuando, tras fracasar la licitación de finales del año 24 y tras informar favorablemente las correcciones de los pliegos de la Secretaría General el 29 de enero del 25, van ustedes y vuelven a retrasar la licitación, ordenando en febrero del 25 que se introduzca una cláusula de arraigo del adjudicatario y, sin entrar ahora en la oportunidad de la misma, tampoco se entiende que hubieran esperado ustedes a que los pliegos volvieran a estar informados para proponer otra vez su modificación. Como tampoco se entiende que, habiendo informado el 19 de mayo la Secretaría General sobre esta posibilidad del arraigo del adjudicatario, no se impulsase la nueva redacción de los pliegos hasta el 17 de octubre, hasta cinco meses después. Curiosamente, tras haberse interesado el Grupo Popular por el estado de tramitación de este expediente –no sé si es una casualidad o una causalidad–. Nos complace saber que estimulamos la escasa acción del Gobierno, pero nos preguntamos y les preguntamos si este ritmo lento y espasmódico de la tramitación del expediente responde a una negligencia o a una intención de demorar la licitación.

Esa es la primera pregunta. Y ya, si pueden, me gustaría conocer otras tres cuestiones. Una es la razón de limitar el número de terminales sin posibilidad de incremento, cuando la solvencia económica de la casa está más que acreditada. La otra es saber por qué no quieren atender la solicitud del Concello de Santiago de que el servicio se pueda extender a las zonas rurales de las ciudades, habiendo atendido previamente la solicitud de Ferrol en el mandato anterior.

Y la tercera, relativa al arraigo territorial del establecimiento como condición especial de ejecución del contrato que el adjudicatario se instale en un municipio con pérdida de población, es saber si están ustedes seguros de poder justificar debidamente tal cláusula.

Pero, volviendo a la primera pregunta, es saber si este tema se debe a una incapacidad, negligencia o por qué no se saca adelante este contrato. Esta es la primera pregunta. No sé si quieren decir algo ahora o no.

La segunda pregunta es referida ás Mulleres Rurais. Hemos visto en la web de la Diputación, bueno, este acto de Mulleres Rurais de la Diputación, de la institución, con la presencia del alcalde de Pontedeume, previamente se había hecho también en Vimianzo, es una casualidad que sean dos ayuntamientos del PSOE, bueno, hay algunos otros gobernados por otros partidos, y vemos en estas fotos y en esta información, tanto de la web como de un periódico, vemos que están ustedes, los representantes del Partido Socialista. Nosotros tuvimos conocimiento de este acto de casualidad, no hemos sido informados del mismo ni invitados a participar, o por lo menos alguna representación. Es un acto de la institución, repito, no es un acto del Gobierno, pero me extraña también que no veo a ningún representante del BNG, no sé si el BNG fue invitado o tenía conocimiento de este acto o no. En todo caso, el Grupo Popular no lo ha sido, en consecuencia, si ustedes tampoco han sido invitados, pues ya coincidimos en algo más de lo que... Nos gustaría saber cuáles son los criterios para seleccionar dónde se hacen estos actos, que son de la institución. Y, en segundo lugar, por qué no se ha tramitado invitación a los demás grupos de la Corporación sin ser el Partido Socialista.

Y ya por tercera cuestión, quería hacer una pequeña reflexión y una pregunta

**RPT-6654235



sobre el programa Merca na Vila. Es un programa que nosotros inicialmente no es que tengamos una predisposición contra el mismo, no tenemos una predisposición contra el mismo, pero sí nos llama la atención que sea un programa destinado a que se compre en comercios de municipios de menos de 20.000 habitantes, hasta ahí estamos todos de acuerdo, pero que esa información para poder acceder y descargar el bono para hacerlo público llegue a todos los habitantes de la provincia de A Coruña. Es decir, los ciudadanos de los municipios de más de 20.000 habitantes pueden comprar en municipios de menos de 20.000 habitantes, pero los comercios de municipios de más de 20.000 habitantes no pueden sumarse a esta iniciativa. Es una cosa llamativa. Si lo circunscribiéramos a municipios de menos de 20.000, que es un poco la responsabilidad de la Diputación, pues lo podría comprender, comercios y ciudadanos. Ahora, si abrimos la posibilidad de acogerse a este bono a todos los ciudadanos de la provincia de A Coruña, no entiendo por qué no pueden acogerse los pequeños comercios de ayuntamientos de 20.000 habitantes. Así se puede dar la paradoja de que un ciudadano de Santiago, yo mismo, o un ciudadano de Santiago, de La Barciela, que es una parroquia que linda con Oroso, pueda comprar en Oroso pero sin embargo no pueda comprar en un pequeño comercio de la parroquia de Barciela, que es una zona rural. Se da la casualidad que un ciudadano de Carballo pueda ir a beneficiarse de este bono a A Laracha, que está al lado, o a Coristanco, pero sin embargo un pequeño comercio en la periferia y con posibilidades y con dificultades para llegar a fin de mes de Carballo no pueda acogerse a esta iniciativa. O de que un vecino de Ames pueda ir a Brión, pero que el comercio de Ames no pueda beneficiarse de esto. O de uno de Narón con Valdoviño, etc., etc., etc. Podríamos entrar en 5.000 casuísticas. O que un vecino o que un comercio de Culleredo no se pueda acoger a esta iniciativa pero sí un vecino de Culleredo puede ir a Carral a comprar. Es decir, esto merece una reflexión por parte de ustedes, que lo han sacado de la manga. Es más, si la cuestión es económica, se podría dotar de más fondos, pero creo que los comercios pequeños con dificultades para llegar a fin de mes no deben ser exceptuados, ya que los vecinos de los municipios de más de 20.000 habitantes, los ciudadanos se puedan acoger a esta medida. Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Muchas gracias.

Sra. García Vidal

Bos días a todos e a todas. Presidente, moitas gracias. Fixo vostede, señor Ben, unhas preguntas demasiado extensas.

Antes de nada, quero dicir que eu valoro o traballo de todos os meus compañeiros e compañeiras, aínda que vostede diga que non estamos facendo nada, eu considero que si, pero, ben, cada un ten a súa opinión persoal. Eu defendo os meus compañeiros porque estamos facendo un traballo bastante digno.

E, en relación coa teleasistencia, a súa pregunta que creo que era, resumindo, se estamos cometendo ou é unha decisión negligente ou non, eu dígolle que é unha decisión valorada, é dicir, o servizo en ningún momento quedou desatendido. Se vostede sabe, deu diferentes cifras, pero quérolle dar unha tamén: o día 10 do 1 do 25 presentan un recurso especial contra os criterios de adxudicación e, dende aí, tanto o departamento como os meus compañeiros, que tamén lles pedín a opinión e a opinión do presidente, decidimos tomar as cousas con calma e valorar os diferentes criterios. Pero en ningún momento hai ningunha situación nin inestable, nin o que vostede insinúa. Eu non teño



ningún problema en ter unha reunión con vostede e responderlle todas as preguntas.

Tamén é verdade que vostede sabe perfectamente que, ao non coñecer que vostede vai facer esta pregunta, non podo ter todos os datos aquí agora mesmo, non lle podo dar cifras, non lle podo dar datos. Eu comprométome a ter unha reunión persoal con vostede e dar todos os datos que vostede considera relevantes.

Nós nesta última modificación imos incluír dúas cláusulas que eu considero que son importantes para incluír o mundo rural tamén, para a potenciación do emprego no mundo rural. Creo que é totalmente entendible. E penso que vostede o mencionou nunha das respostas da moción, que tamén aposta pola creación do emprego rural, verdade? Pois eu igualmente.

Gracias.

Sr. Presidente

Ben, simplemente, respecto dos rogos, formulabas, Evaristo, que se aprobara un plan normativo por parte desta entidade e recordar, ou informarche, porque vexo que non estás informado, foi declarada polo Tribunal Constitucional a obrigatoriedade de implantar plan normativo inconstitucional para as entidades locais e para as comunidades autónomas ao longo deste exercicio de 2025. Polo tanto, estanos pedindo algo que non é legal nin é constitucional.

Respecto aos rogos, preguntas sobre o servizo de teleasistencia e deixas no aire que parece intencionado. Non sei con que intención. O servizo de teleasistencia que parece intencionado, non sei se intúes ou hai algunha desconfianza do por que, cal é a intención de que no servizo estea ralentizada á licitación. Non hai ningunha intención. Só hai unha, que é, pois como sempre, saltar barreiras, facer política de calidade e intentar mellorar as prestacións de servizos que ofertamos á sociedade. É dicir, o servizo de teleasistencia está implantado nunha cidade, nun polígono industrial dunha cidade e nós, sendo conscientes do que somos e para que nacimos constitucional, legalmente e que se exige de nós dende a sociedade, entendemos que non hai por que concentrar todos os servizos que presta esta casa na Coruña, Santiago e Ferrol, principalmente na Coruña. Eu creo que hai outras 90 entidades locais, precisamente as menores de 50.000, ás que imos destinados e para as que nós fomos deseñados, e que poden ser destinatarios dese servizo. Polo tanto, pode encher un a boca de discursos en prol de loitar contra o despoboamento demográfico, o reto demográfico, ou pode accionar políticas que loiten contra iso na medida das posibilidades dunha entidade humilde como esta.

Eu creo que abrir unha oficina de fondos Next Generation nunha rúa da Coruña ou de Santiago e facelo nunha vila de mil habitantes creo que é o correcto. Habilitar unha oficina de aceleración de pemes non na Coruña ou en Santiago, senón nunha vila de catro mil habitantes, creo que é o correcto. Intentar que os servizos posibles, os contratos se despreguen e se presten dende os concellos que teñen perda demográfica nos últimos anos, o listado obxectivo que o INE nos pode subministrar, creo que é o correcto.

Pero non é fácil, non é doado loitar contra as dinámicas, nin contra as interpretacións normativas, nin contra os posicionamentos cómodos que ás veces nós mesmos implantamos nas administracións. É máis doado deixar todo como está, e para iso que se poña a intelixencia artificial a gobernar esta casa. Pero estamos para outras cousas, estamos para outras cousas. E, polo tanto, intentar sortear os problemas para



sacar adiante programas tan difíciles de sacar como poida ser un PEL ou como poida ser un plan único, ou como poida ser un Merca na Vila, ou como poida ser precisamente que un contrato de teleasistencia que se pode prestar desde Ortigueira se preste desde Ortigueira, por exemplo. Falamos de xerar postos de traballo e dinámicas de que esta institución conta cos máis pequenos e non só cos máis grandes. Por iso, o Merca na Vila ten un sentido, que lle chegue unha carta a vostede, á casa, para que poida ir comprar por unha vez a Trazo.

Quero dicir que o 90 % das compras que se fan en Compostela, o 90 % das compras que se fan na comarca de Compostela se fan na cidade de Santiago, o 90. E, polo tanto, que unha vez na vida, ou que unha vez ao ano, os cidadáns de Santiago poidan ir un día comprar a unha ferretería a Trazo ou a Boqueixón, aquí hai un alcalde, o alcalde de Boqueixón, eu creo que é digno de aplaudir, non é digno de poñer en tea de xuízo. Que unha vez un cidadán faga o esforzo de entender un veciño pois é digno de aplaudir. Que intentemos romper esa dinámica eu creo que é digno de aplaudir. E creo que a loita contra o despoboamento vai disto, non simplemente de que figure no programa electoral das próximas municipais ou autonómicas ou xerais, senón que, cando teñas unha oportunidade, intentes accionar politicamente para loitar contra o despoboamento. E isto non ten outra finalidade.

Respecto a Mulleres Rurais, dicir que é un acto que nós financiamos, que nós financiamos; non invitamos nin sequera premiamos as premiadas, é unha organización de mulleres, unha fundación de asociacións de entidades de mulleres rurais que nós financiamos e, oe, non temos ningún inconveniente en que, na próxima ocasión inviten a toda Corporación tanto do concello onde se celebre como, loxicamente, da Deputación. Ningún inconveniente ao respecto.

Moitas grazas. Si. Por alusións.

Sr. Regueira Varela

Por alusións. Imos ver, xa que todo o mundo fixo alegatos, eu tamén me gustaría facelo.

Eu síntome moi orgulloso de pertencer a un Goberno que traballa colexiadamente. Pero a min gustárame recordar unha cousa. Neste salón de plenos, tanto nestas etapas como na etapa onde o presidía un presidente do Partido Popular, temos a fortuna, eu creo que temos a fortuna, máis que nunca, vendo a situación a que está derivando a política xa non só galega, senón de ámbito estatal e incluso internacional, de que, practicamente, a totalidade dos puntos que veñen a este salón de plenos se aproban por unanimidade. E eu creo que hai un gran esforzo por parte das persoas que formamos parte do Goberno de coordinarnos coas diferentes administracións, sobre todo coas que traballamos habitualmente, que son os concellos, e a máis próxima a nós tamén e coa que máis colaboramos é coa Xunta de Galicia.

A min gustárame poñer un só exemplo e, seguramente, é o exemplo que mellor, a fotografía que mellor expresa o que é a política nesta provincia, que a maioría dos actos públicos onde aparece unha deputada ou un deputado do Partido Socialista ou do BNG, sempre hai algún cargo da Xunta cerca. Eu creo que nesta provincia traballamos moi coordinadamente e traballamos, eu creo que traballamos moito. A min gustárame coller as palabras de Mar e romper unha lanza polas persoas que politicamente traballan aquí. Intentamos sacar moito traballo adiante. Eu creo que tamén temos un déficit como



Administración, e que hai técnicos nesta casa e técnicas que poden corroborar o que vou dicir. Pola cantidade de carga de traballo que realmente sae dos departamentos, temos servizos absolutamente colapsados, porque esta Administración non está preparada para a carga de traballo que as compañeiras e os compañeiros do Goberno intentan sacar en beneficio da provincia.

Xa nos gustaría que todo fora o Plan Único, que vai en automático, pero eu creo que todas as persoas que chegamos aquí, e aquí xa non falo de cores políticas, tamén as da oposición, intentan satisfacer as necesidades, que son moitas, dos veciños e das veciñas desta provincia. E creo que ese é o espírito da política, chegar a acordos.

Polo tanto, eu non me gustaría que o meu nome fora un nome para comparar con ninguén. Aquí, este Goberno traballa coordinándose, todas as semanas temos reunións de coordinación, e eu creo que o que estamos facendo, humildemente, é moi positivo para a provincia. E digo tamén, eu tocume estar aí arriba, na esquina, ao lado desa columna, facendo oposición doutro presidente e, se teño que valorar a etapa onde eu fixen oposición e ese presidente fixo o labor de presidir o Goberno da Deputación, tamén foi positiva esa etapa para a provincia.

Eu creo que aquí, o reto, no fondo de todo este debate que se deu aquí, é outro, é mellorar o financiamento local, non só o da Xunta aos concellos, senón do Estado á Xunta e tamén aos concellos. Ese é o reto, e nese reto deberíamos estar todos empeñados. A min cónstame que tecnicamente tamén é o reto da parte técnica das administracións contar con máis recursos e mellorar a eficacia que temos á hora de solucionar os problemas da veciñanza desta provincia e do todo o Estado.

Sr. Presidente

Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:51 horas.